

MEMORIA FINAL 2021-2022



XUÑO 2022

CEE Nosa Señora do Rosario

15005336



Índice

1.	Introdución.....	3
2.	Consecución dos obxectivos do Centro e concreción anual.....	3
3.	Estratexias metodolóxicas e organizativas. Departamento de Orientación.....	4
4.	Órganos de goberno e a súa participación e coordinación.....	10
5.	Cadro de organización pedagóxica.....	11
6.	Plan de actuación dos órganos Colexiados.....	12
7.	Plan de actuación do equipo directivo.....	13
8.	Xornada escolar e horario do centro.....	14
9.	Participación do profesorado do centro en programas.....	14
10.	Addenda do proxecto lingüístico.....	15
11.	Programas fomento e dinamización da lingua galega.....	15
12.	Programa anual de actividades complementarias e extraescolares.....	15
13.	Plan de autoprotección.....	15
14.	Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente.....	16
15.	Horario de atención ao público.....	16
16.	Plan para a potenciación e organización das relacións coas familias.....	17
17.	Plan de utilización das instalacións do centro.....	17
18.	Plan xeral de avaliación do centro.....	17
19.	Memoria do Equipo de Dinamización de TICs.....	21
20.	Memoria do Equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar.....	23
21.	Memoria do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.....	24
22.	Memoria do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.....	25
23.	Memoria do Equipo de Educación Infantil.....	27
24.	Memoria do Equipo de Educación Primaria.....	30
25.	Memoria de Educación Secundaria Obrigatoria.....	36
26.	Memoria Programas Formativos de FP Básica.....	41
27.	Memoria apoios a titorías.....	44
28.	Memoria profesorado Relixión Católica.....	45
29.	Memoria do centro de recursos.....	46
30.	Memoria de actividades extraescolares organizadas polo ANPA.....	48



1. Introducción

Este curso seguiu marcado pola situación de pandemia e o cumprimento do Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19, con iso, destacamos que foi un ano con moitos cambios na xestión de positivos e contactos, así como das medidas de protección como a falta de obrigatoriedade no uso da máscara. Continuamos realizando adaptacións no marco da organización do currículo, da metodoloxía didáctica e da autonomía organizativa e pedagóxica do centro pola posible necesidade de alternar determinados períodos de docencia presencial con outros de docencia non presencial, períodos que finalmente non foron destacables pero si máis frecuentes que o curso anterior por un maior número de positivos nos diferentes membros da nosa comunidade educativa.

Neste curso tamén é preciso destacar a publicación da Orde do B de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e a conseguinte derrogación das ordes:

- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e das alumnas con NEE que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria do alumnado con NEE asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e os criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con NEE
- Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica de alumnado procedente do estranxeiro.

Neste contexto, este documento pretende ser unha reflexión de todo o acontecido ao longo do curso, recollendo todos aqueles aspectos que axudaron a acadar os obxectivos propostos inicialmente na PXA do centro, e aqueles que, por diferentes circunstancias, non se puideron lograr. Ao mesmo tempo, pretende ser o punto de partida da Programación Xeral Anual para o vindeiro curso.

2. Consecución dos obxectivos do centro e concreción anual do PEC

A Programación Xeral Anual foi informada no Claustro e Consello Escolar do Centro o 15 de outubro de 2021.

Intentáronse incluír as propostas dos diferentes membros da comunidade educativa, sempre tendo en conta as posibilidades reais de levalas a cabo e as limitacións provocadas pola situación de pandemia.

Facilitouse o documento en formato dixital a todos os membros da comunidade educativa e, desde a súa aprobación, está a disposición para a súa consulta.

O Departamento de Orientación incluíu diferentes modificacións no Plan de Atención á Diversidade a partir das propostas presentadas polos distintos órganos colexiados do centro.



En canto ao Plan de Transporte Escolar elaborouse un documento no que se inclúen os itinerarios que funcionan na actualidade. Actualizáronse as rutas dos catro itinerarios modificando e establecendo novas paradas en ruta e actualizouse o listado de usuarios de cada unha das rutas, así como adaptándoos as condicións ocasionadas pola COVID-19. No mes de xaneiro fíxose efectivo o cambio de licitación de transporte escolar da Consellería, o que supuxo unha serie de incidencias propias da adaptación das novas empresas á xestión do alumnado con necesidades educativas especiais dentro do vehículo.

En relación ao Plan de comedor escolar do noso centro, hai que indicar que se adaptou o documento do curso anterior e que recolle o persoal que presta os seus servizos no mesmo e a relación de usuarios do comedor do noso centro adaptándoos as situación de pandemia, mantivéronse as 3 quendas de comedor cos grupos burbullas e minimizar o contacto entre alumnado de diversos grupos, situación que seguiu sendo complexa naqueles momentos de lecer entre quendas polas limitacións do espazo e persoal fóra do horario lectivo. Diverso persoal do centro foi usuario do comedor durante o curso escolar aboando a cantidade correspondente. Actualizouse o documento de Análise de Puntos Críticos (APPCC) do centro establecendo as liñas de actuación de cada un dos membros do grupo de persoas que colaboran no comedor. En relación aos menús, neste curso seguironse os menús establecidas pola Consellería de Educación no prego de cláusulas administrativas particulares que rexirán a contratación do servizo de xestión do comedor escolar en 133 centros educativos por procedemento aberto suxeito á regulación harmonizada e tramitación ordinaria mediante 23 lotes, para inicialmente os cursos escolares 2019-2020 e 2020-2021, e con prórroga neste curso, co reserva do lote 16 a centros especiais de emprego (expte. 1A23L 2019/2020-2020/2021), dos que se eliminan 2 dos 20 propostos por cuestións de produto de tempada ou a escasa idoneidade do prato para as características do noso alumnado. Continuouse coa inclusión de produtos ecolóxicos de cultivo de proximidade, na medida que o permitiu o orzamento do comedor. Durante este curso, a encargada de comedor foi a docente Raquel García Sánchez e actuaron como docentes colaboradoras de comedor Begoña Currás Barreiro, Victoria García Álvarez e se incorporou unha terceira persoa Alicia Queiro Pereira.

3. Estratexias metodolóxicas e organizativas que se empregaron para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais. Departamento de orientación

I. Composición do departamento de orientación

Na sesión extraordinaria celebrada o día 3 de setembro de 2021, segundo o establecido na Resolución de 22 de decembro de 2004, da Dirección Xeral de Centros y Ordenación Educativa, pola que se ditan instrucións para os departamentos de orientación dos centros de educación especial, quedou constituído o DO para o presente curso escolar 2021-22 polos seguintes membros:

- Dona Noela Emilia Rivas León especialista AL, titora representante de Educación Infantil e Educación Primaria.
- Dona Patricia Prieto Lorenzo especialista AL, con funcións de apoio.
- Dona Beatriz S. Reimúndez Rodríguez especialista AL, con Lingua de Signos.
- Dona Beatriz López González, Xefa do Departamento de Orientación.

É necesario sinalar que no presente curso o noso centro educativo contou con 6 Auxiliares Técnicos Educativos (coidadores) a tempo completo e dende o terceiro trimestre outro ATE 2 días á semana. Todos



eles atenden ao alumnado na realización de actividades de autonomía básicas como son os desprazamentos, a alimentación e o control de esfínteres...

As funcións do Departamento están reguladas polo Decreto 120/98, do 23 de Abril, no que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e pola Orde do 24 de xullo do 98 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. No artigo 15º.2 desta orde refírese á memoria do Departamento de Orientación como un documento que deberá redactar o orientador/a e determina que deberá recoller polo menos:

- As modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do plan, programa ou programas.
- Os cambios na realidade educativa.
- Grao de consecución dos obxectivos establecidos no plan.
- A implicación e participación dos diferentes profesionais que colaboren nel.
- Conclusións e propostas concretas de mellora.

II. Marco de actuación

Como queda reflectido no Plan de Orientación Educativa, a intervención do Departamento realizouse nos seguintes eidos:

- Alumnado: A intervención do Departamento neste ámbito centrouse na avaliación das NEAE (necesidades específicas de apoio educativo) do alumnado, no asesoramento e deseño de criterios organizativos e pedagóxicos para atención á diversidade, na inclusión inicial do alumnado de novo ingreso, na realización da avaliación psicopedagóxica cando os casos así o requirían, na atención a demandas persoais de orientación, incluído o seguimento, especialmente do benestar emocional do alumnado e no asesoramento e orientación académica en momentos decisivos da historia escolar do alumnado.
- Profesorado: O Departamento colaborou con todo o profesorado nas demandas que se lle expuxeron, contribuíndo á prevención, observación, detección, recollida e rexistro de información, análise e valoración da mesma. Realizouse unha labor de asesoramento, cando o profesorado así o solicitou, sobre as actuacións que os titores/as podían levar a cabo en canto a atención á diversidade, avaliación, material adecuado, situacións persoais especiais, etc
- Familias: O Departamento colaborou coas familias dándolle resposta ás súas demandas, na medida das posibilidades e sempre en coordinación cos titores/as. Noutras ocasións as entrevistas eran de carácter informativo, cando así se requiría para a avaliación psicopedagóxica. Realizouse tamén unha labor de información e asesoramento ás familias en relación a aspectos coma: becas e axudas, recursos externos, cambio de etapa educativa, asesoramento sobre os programas formativos e a transición cara a vida adulta. Ao longo do curso efectuouse un seguimento das familias por teléfono, mail e outros medios para poder dar resposta ás necesidades (emocionais, condutuais, académicas...) que foron xurdindo.
- Outros organismos: A actuación do Departamento con outros organismos ou institucións pretendeu dar unha solución ás dificultades que non se podían afrontar unicamente desde o propio centro, así como coordinar a intervención profesional que incide na atención do noso alumnado desde distintos eidos. Fomentouse a relación cos servizos e institucións que prestan atención socio-educativa e sanitaria a parte do noso alumnado. Traballouse especialmente en coordinación co Equipo de Orientación Específico Provincial da Coruña, co Servizo de Pediatría do Centro Hospitalario Universitario A Coruña (CHUAC), co Servizo de Atención Temperá do CHUAC (psicóloga, médicos, traballadoras



sociais e terapeuta ocupacional), cos Servizos Sociais do Concello, cos pediatras dos diferentes Centros de Saúde, cos centros nos que temos alumnado en educación combinada, coa asociacións Down Coruña, ANHIDA, FAXPG, Aspanaes... Durante este curso a coordinación con estes organismos e institucións realizouse tanto presencial coma de maneira telemática ou telefónica existindo unha axeitada comunicación para solventar as dificultades que foron xurdindo.

III. Accións levadas a cabo.

O Departamento de Orientación desenvolveu a súa labor de acordo co establecido no Plan de Orientación. En liñas xerais, as actuacións leváronse a cabo nos seguintes ámbitos:

- Atención á Diversidade e Necesidades Específicas de Apoio Educativo.
- Asesoramento organizativo e curricular.
- Acción Titorial.
- Orientación académica e profesional.
- Atención ás familias.
- Coordinación con entidades colaboradoras externas.

Atención á Diversidade e Necesidades Específicas de Apoio Educativo

Ao longo do curso leváronse a cabo as seguintes tarefas en relación á atención á diversidade.

- Elaboración do Plan de Orientación.
- Atención ao alumnado con NEAE. Atención das solicitudes recibidas, realización de avaliacións psicopedagóxicas e elaboración dos Informes Psicopedagóxicos correspondentes para determinar o alcance das dificultades e propor medidas de apoio que propicien un óptimo desenvolvemento do seu proceso de ensinanza- aprendizaxe.
- Elaboración e seguimento de programas de apoio condutual positivo.
- Seguimento e asesoramento individualizado a alumnado con dificultades persoais e familiares.
- Solicitud de intervención ao Equipo de Orientación Específico.
- Actualización de Informes Psicopedagóxicos.
- Actualización do arquivo coa documentación dixital do alumnado.
- Actualización do arquivo da documentación física do Departamento de Orientación.
- Actualización do inventario do DO (probas psicométricas e libros de consulta).
- Colabórase co equipo directivo no desenvolvemento do Plan Xeral de Atención á Diversidade e cos equipos de ciclo na elaboración das distintas medidas específicas e extraordinarias previstas nas actuacións do Centro:
 - Flexibilizacións para alumnado dos programas de formación profesional básica
 - Exención 2ª lingua estranxeira para alumnado matriculado en 1º de ESO
 - ACS para alumnado de Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria/ Formación Básica
- Elaboración de documento para a previsión de alumnado con Necesidades Educativas Especiais no curso 2022/2023.
- Elaboración de documentos para a recollida de datos estatísticos (DRDESPE, DRDorienta).
- Outras actuacións:
 - Formación en Linguaxe Natural Asistido, Accesibilidade cognitiva, LUPO, SEMGAL...
Asesoramento no deseño do proxecto de Polos Creativos...

Asesoramento organizativo e curricular

No relativo aos eidos organizativos e curricular levouse a cabo o seguinte:



- Participación na programación e organización dos apoios educativos no centro.
- Colaboración na elaboración de horarios dos Auxiliares Técnicos Educativos así como as modificacións ao longo do curso escolar en función das necesidades de atención ao alumnado e en coordinación coa Xefa de Estudos.
- Elaboración e difusión do protocolo de solicitude de avaliación psicopedagóxica ao profesorado do centro.
- Orientacións a profesorado en consultas concretas dalgún aspecto do currículo: Adaptacións curriculares, competencias, avaliación, promoción, organización, metodoloxía...
- Orientacións conxuntas co profesorado sobre o desenvolvemento do alumnado.
- Transmisión da información e orientacións para unha resposta educativa a profesorado e familias sobre o alumnado.
- Elaboración de informes varios para: adaptación curricular, solicitude de axudas económicas, específicos de linguaxe, derivación a Saúde Mental, ditames de escolarización, flexibilizacións...
- Material de traballo e consulta ao profesorado e familias que o requirisen atendendo ás necesidades do alumnado: actividades específicas a realizar na aula, libro e páxinas web de interese, lexislación, pautas de actuación no fogar, actividades tipo para levar a cabo cos seus fillos e fillas...

Acción titorial: Valoración do Plan de Acción Titorial (PAT)

A coordinación da acción titorial desenvólvese nas correspondentes reunións cos titores/as dos diferentes grupos, axustándose ás necesidades demandadas:

- Asesoramento e apoio nas entrevistas entre titor - familia sobre aspectos académicos.
- Colaboración na adaptación de materiais e metodoloxía para aquel alumnado que o precisaran.
- Colaboración na realización de avaliacións iniciais, AC, flexibilizacións...
- Participación e asesoramento na toma de decisións nas reunións de avaliación do alumnado.
- Atendéronse as consultas e demandas que formularon as familias:
 - Petición de informes orientados a fins diversos: becas, tramitación de certificado de discapacidade e/ou dependencia, solicitude de intervención do EOE, flexibilizacións, valoración de saúde mental infantil, altas e baixas no Centro de Recursos, etc..
 - Asesoramento sobre as diferentes medidas e recursos para a atención educativa do alumnado.

Orientación Académica e Profesional: Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP)

- Mantivéronse entrevistas individuais coas familias en relación a información académica-profesional, sempre que o demandaron.
- Colabórase cos Departamentos de Orientación de centros ordinarios na toma de decisións en relación a orientación académica e profesional do alumnado en escolarización combinada ou que asiste ao Centro de Recursos.
- A coordinadora dos Programas Formativos, xestionou e fixo o seguimento das prácticas en centros externos para o alumnado que superou os módulos dos seus respectivos programas académicos.
- Asesoramento e redacción do deseño dos Programas de Transición á vida adulta.

Valoración das actuacións realizadas co alumnado

Dende o DO preténdese atender as necesidades educativas que foron xurdindo no centro, así como ofrecer asesoramento ao profesorado e ás familias. Do mesmo xeito, o departamento pretendeu funcionar



como un nexo de unión entre os membros da comunidade educativa e os recursos externos ao centro (servizos sociais, equipo de orientación específico, outros centros educativos...).

Tendo en conta isto e debido ás incorporacións de alumnado que se producen ao longo do curso, así como ao propio carácter dinámico e interactivo das necesidades, resulta necesario levar a cabo un proceso de detección e seguimento constante. Para tal fin, resulta imprescindible levar a cabo unha labor de coordinación continua. Concretamente, no curso actual, incorporouse alumnado novo ao longo do ano que requeriu da intervención por parte do DO. Sobre todo no caso de alumnado procedente do estranxeiro, que en moitos casos non conta cunha avaliación psicopedagóxica actualizada

Valoración das actuacións realizadas coas familias: Atención ás familias

As relacións coas familias foron segundo a demanda e as necesidades xurdidas ao longo do curso. Realizáronse de forma periódica e programada con determinadas familias de alumnos/as e noutros casos vía telefónica... As demandas centráronse en:

- Entrevista con familias para diversos temas: condutas do alumnado, dificultades de aprendizaxe, desenvolvemento evolutivo, evolución do curso escolar, obtención de información relevante, transición á vida adulta, paso aos programas formativos ...
- Información a familias sobre outras axudas extraordinarias e económicas.
- Participación nas reunións titoriais coas familias cando o profesorado o requirise.
- No mes de setembro tramitáronse as solicitudes de axudas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo do Ministerio de Educación, vinte e cinco correspondentes a alumnado do CEE Nosa Señora do Rosario

IV. Obxectivos

A continuación recóllense os obxectivos de traballo no noso Departamento de Orientación ao longo do curso.

- Participar na actualización da avaliación psicopedagóxica do alumnado para poder adecuar a atención educativa ás súas necesidades actuais.
- Favorecer o desenvolvemento das áreas cognitiva, lingüística, social e psicomotora do alumnado
- Desenvolver os procesos psicolóxicos básicos: percepción, atención e memoria.
- Participar nas reunións de avaliación para detectar as novas dificultades que van xurdindo para así establecer vías para a súa corrección.
- Participar activamente na elaboración e seguimento do alumnado con AC.
- Participar na elaboración do Plan de Orientación e a Memoria do Departamento de Orientación.
- Colaborar e asesorar aos titores/as na redacción dos informes trimestrais e finais do alumnado.

V. Coordinacións e implicación dos diferentes profesionais

Coordinación docente

A coordinación cos mestres titores e cos membros do Departamento de Orientación foi imprescindible para organizar e realizar o seguimento do alumnado, reorganizar a programación e establecer canles de comunicación directa coa familia. En xeral a coordinación foi axeitada. Resultou necesario lembrar o protocolo para solicitar avaliacións psicopedagóxicas para mellorar e axilizar este proceso nos casos que fora necesario.



Coordinación entre o profesorado do centro e con entidades colaboradoras externas ao centro

- Realizacións de reunións mensuais cos membros do DO. Ditas reunións están recollidas no calendario de reunións da Programación Xeral Anual do centro. Elaboración das actas do DO.
- Reunións informais periódicas dos membros do DO para tratar e consensuar aspectos educativos do alumnado.
- Reunións formais e informais con diferentes membros da comunidade educativa: titoras, especialistas, equipo directivo...
- Reunións concertadas polo Equipo de Orientación Específico con membros do DO, mestres e familias do alumnado cando se solicitou a intervención do EOE.
- Colaboración e coordinación con servizos externos ao centro ben de xeito persoal, telefónico ou vía correo electrónico: Servizos Sociais do Concello, especialistas do Servizos de Saúde Mental e atención temperá, pediatras, entidades coas que existe convenio de colaboración, etc. aos que acoden gran parte do noso alumnado.

VI. Datos sobre o curso actual

No curso actual, o noso Departamento de Orientación adicouse a atender aquelas necesidades que presentaron os mestres/as, así como peticións que chegaron por parte das familias do noso centro educativo.

REUNIÓNS

Ao longo do presente curso realizáronse reunións mensuais do Departamento de Orientación. As reunións efectuábanse xeralmente o último luns de mes polas tardes.

Avaliación psicopedagóxicas e informes

Leváronse a cabo actividades de avaliación e intervención psicopedagóxica cun total de 26 alumnos e alumnas. Elaboráronse 26 Informes Psicopedagóxicos e 10 informes para a Flexibilización Modular dos programas formativos e 25 informes para as becas NEAE.

Asesoramento no deseño, desenvolvemento e avaliación das Adaptacións Curriculares

Colaborouse na elaboración e seguimento de 28 ACIs.

VII. Conclusións e propostas de mellora para o curso 2022-2023

Entre as **propostas de mellora** para o vindeiro curso, propóñense as seguintes:

- Adquisición de material específico e probas de avaliación para o Departamento de Orientación.
- Continuar coa implementación e mellora do proxecto de patios dinámicos.
- Continuar co mantemento e actualización do apartado na web do Departamento de Orientación aportando información, materiais, recursos... que podan servir a toda a comunidade educativa.
- Colaborar na elaboración de materiais de apoio para o uso nas aulas.
- Continuar co desenvolvemento de programas de Educación Emocional -Educación responsable, coa implicación de toda a comunidade educativa (formación do profesorado e posta en práctica como parte da nosa función docente, participación das familias...) facendo especial fincapé na atención do alumnado no que xurdiron dificultades emocionais durante o curso.
- Presentar ao comezo do curso escolar ao claustro os plans do DO.
- Asesorar aos titores/as para mellorar a elaboración e avaliación das ACs tendo en conta o recollido na Orde do 8 de setembro do 2021 e as características do noso alumnado.



- Mellorar a coordinación entre as reunións de equipo e coordinación pedagóxica a nivel de centro, para xeralizar as pautas de apoio condutual positivo que se aplican en cada caso individual.
- Colaborar co equipo directivo no desenvolvemento de diferentes Plans, entre eles o Plan de Convivencia.
- Colaborar coa equipa directiva para mellorar o desenvolvemento da transición á vida adulta e a organización do Centro de Recursos.

4. Órganos de goberno, a súa participación e coordinación.

4.1. O Equipo directivo

Este curso 2021/2022 mantívose o mesmo equipo que no curso 2020/2021, coa previsión de manter un equipo estable no período 2021-2025.

Especialidade	Apelidos e nome	Tipo dest.	Conta 21/22	Relación xurídica	Outro dest.
591203 - Estética	Arias Vázquez, María del Pilar	P	✓	Persoal interino	
591225 - Servizos á comunidade	Abalo Otero, Rebeca	P	✓	Funcionario/a en prácticas	
	Martín García, María Teresa	P	✓	Persoal interino	
597037 - Audición e Linguaxe	Andión García, Silvia	P	✓	Funcionario/a de carreira	
	Caamaño Louro, Beatriz	P	✓	Funcionario/a de carreira	27005056 - CEIP Plurilingüe Santo Estevo de Parga
	Corral Valín, María Luisa	P	✓	Funcionario/a en prácticas	
	Currás Barreiro, Begoña	D	✓	Funcionario/a de carreira	
	Dopico Vázquez, Marta Susana	D		Funcionario/a de carreira	15990040 - DEP CFR de A Coruña
	Dosil Caamaño, Rosa	D	✓	Funcionario/a de carreira	
	Fandiño Louzao, Natalia	P		Persoal substituto	
	Fernández Aguado, María da Barca	D	✓	Funcionario/a de carreira	
	Freire López, Silvia	D	✓	Funcionario/a de carreira	
	García Álvarez, Victoria	D	✓	Funcionario/a de carreira	
	García Sánchez, Raquel	D	✓	Funcionario/a de carreira	
	López López, Noelia	P	✓	Funcionario/a de carreira	15033228 - CEIP Novo Mesoiro
	Pena Martínez, Zaida	P	✓	Persoal interino	
	Prieto Lorenzo, Patricia	D	✓	Funcionario/a de carreira	
	Queiro Pereira, Alicia	D	✓	Funcionario/a de carreira	
	Reimúndez Rodríguez, Beatriz Soledad	P	✓	Funcionario/a de carreira	15032716 - CEIP de Arteixo
	Rivas León, Noela Emilia	D	✓	Funcionario/a de carreira	
	Roa Eiroa, Inés	P		Persoal substituto	
	Romero Lista, Rebeca	P		Persoal substituto	
	Vázquez López, Jéssica	P		Persoal substituto	



Especialidade	Apelidos e nome	Tipo dest.	Conta 21/22	Relación xurídica	Outro dest.
	Vilela Silva, Patricia	D		Funcionario/a de carreira	15027241 - CEIP Fernández Latorre Juan
	Yáñez Leiro, Irene	P	✓	Funcionario/a de carreira	
597039 - Orientación	López González, Beatriz	D	✓	Funcionario/a de carreira	

O equipo directivo traballou de forma coordinada para acadar os obxectivos previstos na PXA. Mantivo numerosas reunións ao longo do curso para tratar todos os aspectos relacionados co funcionamento do centro.

4.2. O Consello Escolar

O Consello Escolar durante este curso non tivo completa a representación de todos os sectores da comunidade educativa, quedando sen unha representación do sector das familias. Neste curso non houbo renovación parcial dos seus membros. Convocáronse as reunións ordinarias preceptivas e todas as extraordinarias que se necesitaron ao longo do curso. Todas as sesións de Consello foron realizadas a través da plataforma Cisco-Webex, seguindo as indicacións do Protocolo de adaptación á situación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

É necesario destacar que estas reunións telemáticas tiveron menos ausencias que as reunións de Consello escolar doutros cursos, fundamentalmente polas facilidades que supoñen de cara á conciliación familiar e aproveitamento de tempos ao non precisar traslados.

4.3. O Claustro de profesores

O Claustro de profesores está formado por 17 profesores especialistas en Audición e Linguaxe (incluída Xefa do D.O) e 3 profesores técnicos de FP, especialidade servizos á comunidade e estética, afíns a lingua de signos.

Convocáronse as reunións ordinarias preceptivas e todas as extraordinarias que se necesitaron ao longo do curso.

5. Cadro de organización pedagóxica

5.1. Equipos de nivel.

Os Equipos Docentes tiveron asignado o 1^º luns de cada mes en horario de 16:00 a 17:00 horas para as reunións pertinentes.

5.2. Comisión de Coordinación Pedagóxica

Reuniuse con carácter ordinario unha vez ao mes todos os 3^º luns de mes segundo se recolle na PXA, e con carácter extraordinario unha vez ao principio de curso e outra ao final segundo se recolle nas actas correspondentes. Na CCP actuou como secretaria Irene Yáñez Leiro.

5.3. Equipo de Dinamización da Lingua Galega

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega reuniuse unha vez ao mes todos os 2^º luns de cada mes en horario de 16:00 a 17:00 horas.

A coordinadora foi Victoria García Álvarez e tivo no seu horario lectivo unha sesión para desenvolver as tarefas da coordinación.



5.4. Equipo de actividades complementarias e extraescolares

O Equipo tivo asignados todos os 2º luns de mes en horario de 16:00 a 17:00 horas para o seu funcionamento.

A coordinadora, Beatriz Caamaño Louro, tivo asignada unha sesión no seu horario lectivo para desenvolver a súa labor de coordinación.

5.5. Equipo de dinamización de biblioteca

O Equipo realizou as reunións necesarias e tivo asignado os 2º luns de cada mes en horario de 16:00 a 17:00 horas.

A coordinadora do Equipo de dinamización da biblioteca, Begoña Currás Barreiro, tivo asignada 8 sesións semanais no seu horario lectivo para desenvolver a súa labor de coordinación e para realizar tarefas relacionadas co funcionamento da biblioteca do centro.

5.6. Equipo de dinamización de TICs

O Equipo de TICs realizou as reunións necesarias e tivo asignado os 2º luns de cada mes en horario de 16:00 a 17:00 horas.

A coordinadora, Beatriz Soledad Reimúndez Rodríguez, tivo no seu horario lectivo unha sesión para desenvolver as tarefas da coordinación.

5.7. Observatorio de convivencia

Reuniuse en sesión ordinaria unha vez ao trimestre.

5.8. Outros

Neste curso, debido a situación de pandemia e seguindo o protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19, non houbo apoio ao alumnado en escolarización combinada no CEIP María Pita nin impartición da materia de libre configuración de lingua de signos española no CEIP María Pita.

Tampouco houbo desprazamento de persoal do CEE para apoio doutros alumnos e alumnas con diversidade funcional de tipo auditivo escolarizados en centros ordinarios.

6. Plan de actuación dos órganos colexiados.

6.1. Consello Escolar

Estableceuse como día de reunión do Consello Escolar, con carácter xeral, os luns. Celebráronse 8 sesións ordinarias e 1 extraordinaria.

Hai que salientar os seguintes acordos adoptados polo Consello Escolar ao longo deste curso:

- Aprobación do calendario das actividades extraescolares.
- Aprobación da PXA.
- Información da xestión económica do ano 2019. Aprobación dos orzamentos para o ano 2020.
- Información da memoria final de curso.
- Todos os demais asuntos que foron xurdindo ao longo do curso.



6.2. Claustro de profesores

O Claustro de profesores reuniuse con carácter xeral o 1º luns de cada mes. Celebráronse 7 sesións ordinarias.

Entre os acordos adoptados ao longo do curso, cabe destacar:

- A organización do curso escolar.
- Proposta de actividades extraescolares e complementarias.
- Organización das diferentes actividades académicas.
- Aportacións á PXA.
- Aprobación dos diferentes proxectos e programas de innovación educativa.
- Informacións e adaptación á situación de pandemia pola Covid19.
- Aportacións para a memoria final de curso.
- Todos os asuntos que xurdiran ao longo do curso.

7. Plan de actuación do Equipo Directivo.

O Equipo Directivo levou a cabo as seguintes accións:

- Deu publicidade á normativa vixente e instrucións publicadas.
- Estableceuse un calendario de reunións dos membros dos Equipos de nivel e traballo.
- Facilitouse a coordinación entre o profesorado do noso centro e o profesorado dos centros onde están escolarizados os alumnos en combinada.
- Facilitouse a reunión da xefa do departamento de Orientación e as xefas do departamento de Orientación dos outros centros.
- Dinamizouse a participación de todos os sectores da Comunidade Educativa nos distintos órganos colexiados do centro.
- Colaborouse co ANPA en todo o relacionado coa xestión das actividades extraescolares de tarde e programa còxegas.
 - o Fixéronse reunións ante cada petición por parte da ANPA.
 - o Facilitáronse espazos para as actividades extraescolares.
- Actualización de parte da documentación do centro coa axuda do claustro de profesores.
- Realizáronse as convocatorias pertinentes dos Órganos Colexiados facilitando as canles para o intercambio de información e difundindo os acordos entre todos os implicados.
- En relación coa conservación e mellora das instalacións e equipamento do centro:
 - Mantivemos as reunións necesarias cos responsables do concello para intentar solucionar todas aquelas incidencias acontecidas nas instalacións do centro tanto no referente ao mantemento como a limpeza.
 - Realizáronse as xestións necesarias para a eliminación de barreiras arquitectónicas.
 - Continuar coa adaptación do espazo de lecer exterior.
 - Renovación dos despachos de secretaria e xefatura de estudos.
- Desenvolveuse todas aquelas tarefas indicadas pola Administración e Inspección Educativa. Especial relevancia tiveron todas aquelas adaptacións a causa da Pandemia polo Coronavirus Covid19.



8. Xornada escolar e horario do centro.

O Centro abriu as súas portas de luns a venres ás 8:40 horas. Ao manterse a situación de pandemia conservamos os grupos burbulla nos accesos e tempos de lecer. A partir de xaneiro, co cambio de licitación do transporte escolar, retrasouse a entrada ás 8:50 seguindo as indicacións da chegada do transporte escolar presentes no prego de licitación.

Establecéronse 3 horarios lectivos diferentes en función das ensinanzas impartidas:

- EI/EP/ESO e Aulas de Comunicación: xornada continuada de 9:00 a 14:00 horas.
- Programas Formativos de "Actividades Domésticas", "Limpeza de edificios" e "Peiteado": de luns a venres de 09:00 a 14:30 horas. Neste curso autorizouse por parte da Xefatura Territorial da Coruña a suspensión da actividade lectiva a tarde dos luns para equiparar a duración da xornada lectiva en todos os CEEs da Comunidade Autónoma.
 - Centro de recursos:
 - o Luns de 15:00 a 16:00 e de 19:00 a 20:00 horas.
 - o De martes a venres de 15:00 a 20:00 horas.
 - o Unha mañá á semana na que o profesorado do centro de recursos ten que permanecer 3 horas.

Tanto o horario xeral como a distribución das sesións lectivas, quendas de vixilancia de recreos, gardas no horario lectivo, gardas de tardes, sesións de non permanencia no centro en horario lectivo e horario de atención ao público por parte do Equipo Directivo réxese polo aprobado na PXA e no DDC do centro, tendo en conta as indicacións do Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

Desde o 21 de setembro ata o 31 de maio puxéronse en marcha as actividades extraescolares en horario de luns a venres de 15:00 a 17:00 horas cun membro do claustro de garda. Nos mes de xuño desenvolveuse o Programa Cáxegas no mesmo horario.

Neste curso a asociación Down Coruña retomou o emprego do ximnasio desde setembro a xullo. Mantense a autorización de uso para a organización de campamento da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAPXG) fóra do período lectivo, entre o 27 de xuño ata o 8 de xullo, de luns a venres de 9:30 a 13:30. A ANPA do centro solicitou o emprego das instalacións deportivas nas vacacións do Nadal e no verán, do 11 de xullo ao 30 de agosto.

9. Participación do profesorado do centro en programas de innovación educativa.

O centro participou na convocatoria de PFPP 2021/2022 con seis itinerarios:

- Enriquecemento curricular: Proxecto SEMGAL I
- Educación Responsable.
- O alento infantil no proceso transformador. Os vínculos coa Comunidade
- Accesibilidade Cognitiva
- Plan Dixital do Centro CEE Nosa Señora do Rosario
- Linguaxe Natural Asistida



O centro tamén participou no Programa de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE), nos Contratos Programa Innova (EDUinnova, EDUsaúde e EDUsostibilidade) e nos Contratos Programa Inclúe (Inclúe-T, Emoción-T)

Entre outros programas de innovación educativa, destacan:

- Club de Ciencias
- DigiCraft no teu cole
- Voz Natura

10. Addenda do proxecto lingüístico

Neste punto o primeiro que hai que ter presente son as características dos nosos alumnos e as dificultades que teñen a nivel da linguaxe e a fala. Neste curso 2021-2022 a lingua predominante e vehicular para traballar nas aulas continúa a ser o castelán. Nas aulas onde temos alumnos con diversidade funcional de tipo auditivo estará complementado coa lingua de signos e sistemas de apoio a comunicación como bimodal, pictogramas... seguindo a metodoloxía de comunicación total. A lingua galega estivo presente nas festas, traballos e onde os seus profesores estimaron convinte. Principalmente centrámonos no coñecemento da nosa contorna máis próxima e o Camiño de Santiago da costa, proxecto de centro no curso 21-22, tendo en conta o establecido no decreto 79/2010 para o plurilingüismo na ensino non universitario de Galicia (DOG do 25 de maio). -

- ✓ En canto á impartición de linguas estranxeiras, neste curso os alumnos e alumnas non puideron recibir a materia de lingua estranxeira no CEIP María Pita, polo que foron os propios especialistas de audición e linguaxe con nivel B2 de lingua inglesa os que desempeñaron estas funcións.
- ✓ Neste curso retomamos a hora de Ler na biblioteca, en dúas quendas: 11:30 e 12:00 horas.

11. Programas e actividades que se desenvolveron para o fomento e dinamización da lingua galega.

Aparecen recollidas na memoria do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

12. Programa anual de actividades complementarias e extraescolares.

O resto de actividades aparecen recollidas na memoria do Equipo de actividades complementaria e extraescolares.

13. Plan de autoprotección.

Durante este curso revisouse o plan de autoprotección incluíndo a revisión de modelos de formación e información ao novo persoal, realizouse o mantemento dos diferentes extintores e adaptáronse á normativa vixente (cambio de altura nalgúns casos). Por dificultades de calendario, non realizamos o simulacro de evacuación con apoio dunha empresa de prevención de riscos laborais, deixándoo para o



inicio do curso próximo para que todo o persoal provisional reciba todas as instrucións e indicacións directamente.

14. Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente.

Auxiliar administrativo:

Luns de 08:30 a 13:00 e de 13:30 a 18:00 horas

De martes a venres de 08:30 a 15:30 horas.

Auxiliares cuidadoras:

Durante este curso soamente dispoñemos de auxiliares cuidadores na quenda de mañá: luns a venres de 08:30 a 16:00 horas. Foi necesaria a cesión de persoal cuidador auxiliar itinerante de forma puntual e urgente en aqueles centros ordinarios por necesidade do centro e orde do Servizo Territorial de Inspección Educativa:

- IES Xosé Neira Vilas de Oleiros 26/04/2022 e 27/04/00 de 8:15 a 10:30 horas.
- CEIP Maria Barbeito e Cerviño de A Coruña 05/04/2022 e 06/04/2022 de 13:00 a 14:30 horas.
- IES Xosé Neira Vilas de Oleiros 22/02/2022
- IES Rego da Trabe de Culleredo 23/11/2021

Persoal de cociña: De luns a venres de 09:00 a 15:30 horas.

Conserxe:

Luns de 08:30 a 14:15 horas e de 15:45 a 19:15 horas.

De martes a venres de 8:30 a 14:15 horas e de 15:45 a 18:15 horas.

Persoal de limpeza:

Persoal de limpeza 1: De luns a venres de 07:00 a 14:00 horas.

Persoal de limpeza 2: De luns a venres de 14:15 a 16:15 horas e de 20:00 a 21:00 horas.

Neste curso o Concello retirou o persoal de limpeza de reforzo pola situación de pandemia co que contábamos no curso 2020-2021.

15. Horario de atención ao público

O horario de atención ao público está recollido na PXA do centro, e sempre con solicitude de cita previa.

Dirección:

- o De luns a venres de 12:00 a 13:10 horas.
- o Os mércores de 9:50 a 11:30 horas.

Xefatura de estudos:

- o De luns a venres de 10:40 a 11:30 horas.
- o Os venres de 12:00 a 13:10 horas.

Secretaría:

- o Os luns de 10:40 a 14:00 horas.
- o Os martes de 10:40 a 11:30 horas.
- o Os venres de 12:00 a 14:00 horas.



Xefa do D.O.:

- o De luns a venres de 13:10 a 14:00 horas.

Auxiliar administrativo:

- o Luns de 08:30 a 14:30 e de 16:00 a 19:00 horas.
- o De martes a venres de 08:30 a 14:30 horas.

Atención ás familias:

- o Os luns de 16:00 a 17:00 (previa cita).

16. Plan para a potenciación e organización das relacións da comunidade coas familias.

- ✓ Equipo Directivo do centro mantivo as reunións solicitadas para manter informados aos pais dos alumnos de todos aqueles aspectos relacionados coa educación dos seus fillos.
- ✓ Leváronse a cabo reunións iniciais-grupais en cada nivel para explicar os horarios, os contidos a traballar no curso nas diferentes áreas e os criterios de avaliación.
- ✓ Os titores e profesores do centro mantiveron entrevistas periódicas coas familias co fin de intercambiar impresións acerca da vida escolar dos seus fillos.
- ✓ O profesorado do centro buscou alternativas de reunión diferentes ás establecidas na PXA para aquelas familias que tiveron dificultades para reunirse no horario aprobado.
- ✓ Ademais, enviouse aos pais toda aquela información que se considerou oportuna.
- ✓ Seguindo o protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19 a xeito de relacionarse coas familias foi con carácter xeral telemático:
 - o Potenciouse a web do centro.
 - o Videoconferencias a través de Cisco Webex
 - o AbalarMobil
 - o Correo electrónico corporativo
 - o Redes sociais.

17. Plan de utilización das instalacións do centro.

As incluídas na PXA do centro e que se repiten cada curso:

- Asociación Down Coruña, desenvolveron as actividades as tardes do luns e do mércores de 17:30 a 20:30 horas
 - FAPXG: realización do campamento de verán do 27 de xuño ao 8 de xullo
 - ANPA: campamento de nadal e de verán (11 de xullo a 31 de agosto)
- Foron rexeitadas aquelas peticións de cesión de espazos cos que non viñamos colaborando nos últimos cursos.

18. Plan xeral de avaliación do centro.

AVALIACIÓN DO CONTEXTO

INSTALACIÓNS, RECURSOS E SERVIZOS DO CENTRO



1. Condicións do edificio

1.1. Data de construción: 1980

1.2. Número de edificios con que conta o Centro: 1.

1.3. Estado de conservación do edificio: **aceptable**

1.4. Número de aulas e superficie das mesmas:

- Nº de aulas: 18 (5 grandes + 13 pequenas)
- Superficie aproximada: 40 m² as grandes e 20 m² as pequenas.

1.5. Relación de espazos habilitados.

Neste curso non houbo novos espazos habilitados no interior. Adaptouse a primeira fase do espazo exterior limitrafte co comedor como zona de lecer.

1.6. O Centro ten eliminadas todas as barreiras arquitectónicas: **Si**

- Non foi posible a instalación de ascensores pero hai plataformas elevadoras e salvaescaleiras para acceder a todas as estancias do edificio.

1.7. As zonas de recreo reúnen os requisitos mínimos esixidos: **Non**

- En proceso de adaptación de novos espazos verdes. Ademais das fases de adaptación do espazo intramuro, estase traballando co Concello sobre a posibilidade de facer unha ocupación de vía permanente en horario lectivo no aparcadoiro situado na Ronda Camilo José Cela.

2. Dotación e Equipamento

2.1. Relación de instalacións e condicións das mesmas.

(Nº = Número, E = Estado de conservación, U = Utilización, F = Frecuencia de uso).

Instalacións	Nº	E	U	F
Aulas (40 m ²)	5	bo	axeitada	díaria
Aulas (20 m ²)	12	bo	axeitada	díaria
Aula de estimulación multisensorial	1	bo	axeitada	díaria
Biblioteca	1	Moi bo	axeitada	díaria
Ximnasio	1	bo	axeitada	díaria
Aula de plástica	1	bo	axeitada	díaria
Comedor	1	bo	axeitada	díaria
Patio de recreo	1	Compartido co CEIP M ^a Pita	axeitada	díaria
Aseos e servizos	4	bo	axeitada	díaria
Vestuarios/duchas	4	bo	axeitada	Nunca
Sala de persoal	1	bo	axeitada	díaria
Despacho administrativo	1	bo	axeitada	díaria
Despacho dirección	1	bo	axeitada	díaria
Despacho de xefatura estudos	1	bo	axeitada	díaria
Despacho de secretaría	1	bo	axeitada	díaria
Despacho do DO	1	bo	axeitada	díaria
Conserxería	1	bo	axeitada	díaria



2.2. O Centro necesita reformas para adecualo ás necesidades do alumnado: Sí. Debemos, progresivamente, reformar as aulas e os servizos da planta baixa. Precisamos un espazo de lecer propio.

2.3. O mobiliario do centro.

1. Cubre as necesidades do centro: Non, precisamos incrementar o número de pupitres individuais de maior medida.
2. Adecuase á idade e necesidades do alumnado: os pupitres necesarios son por esta necesidade de axuste.
3. Estado de conservación: aceptable.

2.4. Recursos didácticos.

Hai un inventario do material existente en cada aula do centro que se actualiza cada vez que se fai unha nova adquisición e ao final de cada curso escolar.

PERSONAL

1. Profesorado

1.1. Relación numérica de profesores que forman o cadro docente do centro.

	Def.	Prov.	Comisión de servizos	Noutros centros en comisión.	Non pertencentes ao claustro (NC)
Mestres	3	4	3	2	1 (relixión)
Secundaria/FP		3			

2. Alumnado

2.1. Número total de alumnos/ás escolarizados.

	Alumnos	Alumnas
Educación Infantil	1	0
Educación Primaria	11	3
Educación Secundaria	3	6
Programas formativos	10	11
Alumnos Comunicación		
Centro de recursos	30	10

2.2. Número de alumnos que usan transporte escolar.

Alumnos	Alumnas
27	17

2.3. Número de alumnos que usan o comedor escolar

Centro	alumnos	alumnas
CEE Nosa Sra. do Rosario	33	18

2.4. Número de alumnos con Adaptación curricular.

Alumnos	Alumnas
---------	---------



19	9
----	---

3. Persoal non docente

Persoal non docente	Homeas	Mulleres
Administrativos/as	1	0
Coidadores/as	0	6
Conserxe	0	1
Persoal de cociña	1	1
Persoal de limpeza	0	2
Monitores transporte	1	2

ESTRUTURA ORGANIZATIVA.

1. Documentos do centro

- 1.1. Normas de organización e funcionamento: Elaborado no curso 10/11 e revisado no curso 15/16. Actualizadas 19/20
- 1.2. Plan de autoprotección: Elaborado no curso 16/17 e actualizado no 20/21.
- 1.3. Proxecto lingüístico: Elaborado no curso 18/19. Actualizado no curso 19/20
- 1.4. Plan de acción tutorial: Elaborado no curso 13/14. Actualizado no curso 19/20
- 1.5. Proxecto lector. Elaborado 19/20
- 1.6. Plan dixital. Elaborado 21/22
- 1.7. Plan xeral de actividades complementarias e extraescolares. Elaborado 19/20
- 1.8. Plan de convivencia: Elaboración durante o curso 17/18. Actualizado 19/20
- 1.9. Proxecto centro de recursos. Elaboración curso 19/20
- 1.10. Proxecto Educativo: Segue obsoleto. Elaboración durante o ano 2022

2. Órganos de coordinación docente.

De acordo ao que consta na documentación do centro realízanse reunións reguladas establecidas pola lexislación vixente.

3. Coordinación cos axentes externos ao centro.

- 3.1. Coa ANPA: Reunións a petición dos interesados.
- 3.2. Cos Centros ordinarios do alumnado con escolarización combinada: Existen reunións que se canalizan a través da xefatura do Departamento de Orientación, mínimo unha trimestral. Envío de programa de intervención individualizado e informes trimestrais a través da Xefa de estudos.
- 3.3. Co EOE: Hai reunións periódicas en función das necesidades dos alumnos, contacto telefónico practicamente semanal.
- 3.4. Con persoal externo que intervéñen cos nosos alumnos: Hai reunións periódicas nos supostos que contempla o protocolo de protección de datos.

Melloras a partir da avaliación inicial do centro

En canto ao equipamento



- Despois dunha importante reorganización dos ordenadores e material multimedia, así como renovación das CPUs do profesor de cada aula durante o curso anterior, non houbo grandes cambios a excepción das instalacións dos programas específicos de Audición e Linguaxe.

- Durante os meses de febreiro-marzo AMTEGA instalou a Wifi corporativa educuxunta
- Elaboración da memoria para a participación na convocatoria de innovación educativa: Polos Creativos de cara ao vindeiro curso.

En relación cos documentos oficiais do centro:

- Elaborouse o Plan de comedor.
- Elaborouse o documento APPEC.
- Elaborouse o Plan de transporte.
- Elaborouse a concreción do POAP.
- Elaborouse a concreción do PAD.
- En proceso de elaboración do proxecto educativo baixo o paradigma de Linguaxe Natural Asistido e programas de innovación STEAM.
 - Elaboración e actualización dos documentos relacionados cos equipos de dinamización.
 - En proceso a elaboración do proxecto de Centro de Recursos e Transición da Vida Adulta á espera da publicación da normativa que os desenvolve.

19. Memoria do Equipo de dinamización de TICs.

I. Componentes do equipo:

Durante o ano académico 2020/2021 o equipo de dinamización das TIC estivo formado polos seguintes membros:

- Beatriz Soledad Reimúndez Rodríguez (coordinadora)
- María da Barca Aguado Fernández
- Raquel García Sánchez
- Beatriz López González
- Patricia Prieto Lorenzo
- Jéssica Vázquez López (substituta)

II. Grao de consecución dos obxectivos propostos na PXA:

Durante o presente curso realizáronse diferentes tarefas que son parte dos obxectivos que o equipo de TICs se plantexara a comezo de curso:

1. Como punto máis importante destacar a elaboración do Plan Dixital 2022/2023. Este foi elaborado polo Equipo do Plan Dixital.
2. Este curso o mantemento dos equipos repartiuse coa empresa de cursos anteriores. As anomalías ou carencias detectadas quedaron reflectidas en folia de rexistro para proceder a súa solución. Aqueles que a coordinadora foi quen de arranxar leváronse a cabo na hora de coordinación ou os luns pola tarde.
3. Actualizouse o inventario elaborado o curso anterior.
4. Medidas Covid-19: Neste curso académico no que continuamos coa Pandemia, o Equipo de TICs estivo máis activo polas especificidades do Ensino Mixto:



a) Web do centro:

- Actualizouse a información sobre a documentación do profesorado e engadiuse o menú do comedor en Genially: o menú, a información do centro, as axudas dispoñibles.
- Respectáronse os espazos para que o profesorado puidese subir os materiais ou actividades para o alumnado.

b) Aula Virtual:

- Engadíronse os cursos e ao profesorado e alumnado aos mesmos.
- Matriculouse a todo o alumnado.
- Formouse ao alumnado con capacidades no acceso á Aula Virtual.
- Actualizáronse os curso antes de calquera corentena para que o alumnado contara con material ao momento.

c) Outros:

- Colaboramos co Proxecto do Centro elaborando materiais interactivos para os distintos niveis (1, 2 e 3).
- Actualizouse a recompilación de ferramentas que permiten a creación de materiais interactivos para poder consúltala nun futuro se fora preciso.
- Colaborouse na edición de vídeos.
- Publicamos na web todos aqueles enlaces que consideramos importantes para as familias relacionados con axudas, novas da Xunta, actividades...

5. Atopamos unha boa ferramenta para actualizar e completar os códigos QR dos carteis das portas de balde e indefinidamente: Canva.

6. Proporcionouse axuda e asesoramento ao profesorado nos problemas que se lle presentaron ao aplicar as novas tecnoloxías tanto antes da Pandemia como durante a mesma. A coordinadora do equipo de TICs serviu soporte ao usuario e tentou resolver as incidencias informáticas que estaban nas súas mans.

7. Durante todo o ano académico o equipo de TICs foi recollendo as diferentes suxestións e solicitudes dos demais compañeiros do Centro intentando solucionarlas da forma máis axeitada.

III. Propostas de mellora:

- Actualizar o inventario dixital.
- Continuar coa adquisición de material multimedia.
- Crear un aula para a convocatoria de Polos Creativos.
- Dinamizar as RRSS para fomentar o uso de canles de comunicación e de traballo colaborativo con outros membros da comunidade educativa.
- Mellorar a competencia dixital do alumnado.
- Facerse coa conta Premium de Genially.
- Actualizar a aparencia da páxina web do centro para que esta sexa máis accesible.
- Dinamizar as redes sociais compartindo materiais realizados polas mestras do centro.
- Contar con máis apoio por parte da Empresa Informática contratada.
- Seguir elaborando e recompilando materiais propios para crear un banco de recursos para a realización de actividades.
- Mellorar a colaboración entre equipos docentes.
- Mandar unha orde do día para cada reunión.



20. Memoria do equipo de dinamización da biblioteca escolar.

I. Composición do equipo de biblioteca

Durante este curso, o equipo de biblioteca estivo formado polas seguintes mestras:

- Begoña Currás Barreiro (coordinadora).
- Inés Roa Eiroa
- Noela Rivas León.
- Rebeca Abalo Otero
- Silvia Andión García
- Silvia Freire López

II. Grao de consecución dos obxectivos propostos na PXA.

Ao inicio de curso propuxéronse catro grandes obxectivos a acadar, o grao de consecución foi o seguinte::

Adquisición de novos fondos bibliográficos e recursos dixitais. Este obxectivo acadouse con éxito pois se adquiriron numerosos fondos e outros recursos materiais para enriquecer a nosa biblioteca, para desenvolver o proxecto de centro, montar as mochilas viaxeiras e iniciar a creación dunha sección adicada ás familias.

Desenvolvemento do proxecto de centro impulsado desde a biblioteca "Imos indo", aproveitando o Ana Xacobe e o proxecto Voz Natura. Obxectivo acadado: compre destacar que este curso foi Biblioteca e o ENDL quen dirixiron conxuntamente o proxecto de centro.

- Programación da Hora Ler.

Obxectivo en proceso: este curso tivemos dous grupos de lectores: os máis pequenos (Infantil e Primaria) e os maiores (ESO). Para estes, o equipo de biblioteca seleccionou semanalmente unha lectura e deseñou actividades diarias para traballar sobre o lido. Para o grupo dos pequenos a selección foi máis complicada pois o tempo de atención é menor polo que se probaron distintos recursos e estratexias sen atopar ningún claramente exitoso.

- Participación nas diferentes convocatorias de innovación educativa que son promovidas pola Consellería de Educación, Universidade e FP no eido da biblioteca escolar.

Obxectivo iniciado: intentouse participar en varios programas sen éxito, pero si fomos seleccionadas no de Lecturas e Familias, sendo o único CEE de Galicia con PLAMBE participante. Insistiremos na incorporación noutros programas en vindeiras convocatorias.

III. Propostas de mellora.

Tras reflexionar sobre o grao de consecución dos obxectivos, e tras analizar o desenvolvemento das actividades, algunhas das propostas de mellor son as seguintes:

- Mellorar a organización por parte da coordinadora do equipo de biblioteca (no referido á previsión de conmemoracións, planificación de actividades, repartición de tarefas, etc.).



- Proporase compartir a coordinación para que unha das responsables da biblioteca poida centrarse e completar o traballo de xestión da biblioteca a través do Koha (catalogación, regulación do sistema de empréstimo, sinalizar CDUs, reubicar fondos, deseñar carnets, etc.).
- Adxudicar unha sesión semanal a todas as compoñentes do equipo para que a adiquen ao traballo da dinamización da biblioteca fomentando así a súa implicación.
- Darlle forma e concretar todas as ideas e actividades iniciadas neste curso co fin de que perduren no tempo e poder crear un banco de recursos.
- Potenciar a participación do resto da comunidade educativa nas actividades propostas dende a biblioteca.

21. Memoria do equipo de dinamización da lingua galega.

I. Composición do equipo de dinamización da lingua galega.

De acordo co artigo 15 do decreto 79/2010, constituíuse o EDLG cos seguintes compoñentes:

Profesorado:

- Victoria García Álvarez (coordinadora)
- M^a Luisa Corral Valín
- Irene Yáñez Leiro
- Noelia López López.
- María del Pilar Arias Vazquez

Representante do persoal non docente:

- Ángeles Martínez Suárez.

II. Grado de consecución dos obxectivos na PXA.

- Promover o uso da lingua galega entre todos os membros da comunidade educativa. Este obxectivo acadouse plenamente, o persoal emprega o galego para interatuar entre eles.
- Potenciar unha visión positiva da lingua e da cultura galega. Mediante o Camiño de Santiago, deuse unha visión da cultura galega e da importancia que ten está a longo dos séculos.
- Favorecer o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do noso alumnado nas dúas linguas oficiais, na Lingua de Signos ou no uso dos SAAC que empregue cada un deles. Os proxectos que se fixeron a longo do curso en todos os ámbitos, tiveron en conta as dúas linguas oficiais da comunidade, así como os sistemas alternativos de comunicación dos nosos alumnos.
- Obxectivos para o centro escolar e comunidade educativa:
 - o Empregase o galego en todos os documentos escritos do centro, tanto internos como externos, así como en todos os rótulos e carteis. A documentación do centro está en galego o mesmo se fai cos rótulos e carteis.
 - o Implicar ás familias nalgunhas das actividades de dinamización da lingua galega e promover entre elas a valoración da lingua. Por estar en pandemia, este obxectivo foi imposible de acadar.
 - o Tratar de facer colaboración con outras institucións da nosa contorna. Por estar en pandemia non foi posible colaborar con ninguén.
 - o Difundir as actividades que realizamos a través das TIC ca fin de facer visible á comunidade á comunidade á riqueza lingüística e cultural presente no noso centro. O equipo das TICs a traballada moito



para acadar este obxectivo, dámoslles a grazas desde o noso departamento, pola divulgación de todo o que fixemos a longo do curso.

- Obxectivos para o profesorado:

- o Aumentar o uso do galego nas reunións formais e informais.
- o Elaborar material accesible en lingua galega para o noso alumnado.
- o Programar, planificar e levar a cabo actividades que teñan como obxectivo a dinamización de lingua e cultura galega.

O profesorado está moi implicado e ten sempre en mente a divulgación da lingua galega e cultura en todo o seu material. De feito o Camiño de Santiago foi o eixe vertebrador do noso traballo de centros ao longo do curso.

- Obxectivos para o alumnado:

o Mellorar a competencia lingüística en lingua galega, e que a valoren como a lingua da súa terra. É un obxectivo a moi longo prazo, xa que temos alumnos con grandes dificultades que teñen sistemas alternativos de comunicación.

o Fomentar unha visión positiva da lingua galega. Aumentar o coñecemento de Galicia (historia, cultura, xeografía, gastronomía...) Mediante o Camiño de Santiago, intentamos que o obxectivo sexa máis fácil de entender para os nosos alumnos, aínda que moitos non o conseguiron.

III. Propostas de mellora

- Para o curso que ven, se a pandemia o permite, faremos máis excursións onde os nosos alumnos podan vivir máis a cultura, historia e gastronomía galega.
- Intentaremos facer unha radio escolar a longo do curso 2022-2023.

22. Memoria do equipo de actividades complementarias e extraescolares.

I. Composición do equipo:

- Beatriz Caamaño Louro (coordinadora).
- Rosa Dosil Caamaño.
- Alicia Queiro Pereira.
- D^a María Teresa Martín García
- D^a Zaida Pena Martínez.

II. Grado de consecución dos obxectivos propostos na PXA.

En liñas xerais consideramos cumpridas os obxectivos propostos na PXA, tendo en conta as situacións derivadas da pandemia do Covid e asumindo as medidas reflexadas nos protocolos tratamos de promover actividades variadas, multinivel e adaptadas á situación actual, respectando os grupos burbulla.

Actividades do curso 2021-2022:

1º trimestre:

- Día das persoas xordas (Contacontos e obradoiros de sensibilización).
- Enki (carreira no centro).
- Samaín.
- Omic (obradoiros de construción de xoguetes e charla “don R que R” reciclaxe). Grupos 4-7-8.
- Prevención de incendios. Bombeiros. Grupos 7-8.
- Día da infancia.
- CNP. Charlas-taller: novas tecnoloxías, drogas e alcohol, violencia xénero, acoso escolar.
- Día Internacional contra a violencia de xénero.



- Magosto. Visita dun castañoiro.
- Obradoiro prevención de drogas e alcohol. Grupos 8-9.
- Día da Constitución e da Autonomía.
- Día Internacional persoas con discapacidade.
- Obradoiro de robótica.
- Día dos dereitos humanos.
- Día internacional da educación.
- Festa de fin de ano

2º trimestre:

- Talleres policía local A Coruña :
 - Coruña móvese indiferente.
 - Os parrulos móvense pola rúa.
- Charlas prevención de conflitos, adiccións, consumismo e redes sociais:
 - O imperio na nube e o avatar oculto. Grupo 8.
 - A mellor estratexia de xogo. Grupos 8-9.
 - Isto xa non é unha broma. Grupo 9.
 - A rede de redes.
 - A publicidade nos alimentos.
 - Prevención, abordaxe e xestión de conflitos.
- Espectáculo de danza. Adaptación do conto Alicia no país das maravillas.
- Obradoiro de emprendemento. Fundación telefónica. Grupo 9.
- Saída biblioteca pública González Garcés.
- Saída coñece o bus urbán.
- Fundación Luis Seoane. Grupos 4-7-8.
- Saída O Camiño Real. Grupos 4-7-8-9.
- Saída a cidade de María Pita. Grupos 4-7-8-9.
- Saída Castro de Elviña. Grupos 4-7-8-9.
- Saída Nao, Santa María e Carabela. Grupos 4-7-8-9.
- Torre de Hércules. Grupos 4-7-8-9.
- Charla Enki. Grupos 8-9.
- Deportes adaptados Enki. Grupos 4-7-8-9.
- A cidade medieval. Grupos 8-9-10.
- Museo militar. Grupos 9-10.
- O mozo Picasso. Grupos 4-7-8-9.
- Aquarium.
- Día da paz .
- Día da muller traballadora.
- Dereitos do consumidor.
- Día da prensa. Obradoiros Rosalía de Castro.
- Entroido
- Día da saúde.
- Colaboración co CEIP San Marcos: programa voluntariado miúdo (Grupo 8).

3º trimestre:

- Castelo de San Antón.
- Museo de arte sacro.
- Día do libro. Contacontos.
- Museos científicos coruñeses



- Biblioteca pública Miguel González Garcés.
- Un día na capitanía.
- Castelo de San Antón.
- Charla- taller: “A ruta da auga”.
- Saída Río Mero.
- Charla Información xuvenil.
- Saída Celas de Peiro (limpeza e natureza).
- Saída Isabel Zendal. Grupos 4-7-8-9.
- Obradoiro Nutrición e dietética. Grupos 4-7-9.
- Charla Come local. Grupos 4,7,8,9,10.
- Contacontos Charo Pita.
- Obradoiro : Sentidiño na rede.
- Charla-taller botánica.
- Saída ao parque de San Pedro con interpretación botánica.
- Concerto.
- Día contra o acoso escolar.
- Día de Europa.
- Semana das Letras Galegas.
- Día da lingua de signos.

III. Propostas de mellora.

- Seleccionar actividades que non se puideron levar a cabo no presente curso.
- Temporalizar as saídas dun xeito máis espazado.
- Promover unha maior coordinación cos coordinadores.

23. Memoria do Equipo de Educación Infantil

I. Composición do equipo de Educación Infantil:

O profesorado pertencente á etapa de Educación Infantil é o seguinte:

- Silvia Andión García (coordinadora), titora do grupo 1.
- Raquel García Sánchez, apoio grupo 1.
- Rosa Dosil, titora Centro de recursos 2.

II. Descrición dos grupos de primaria

Actualmente, no centro hai 1 aula de EI, tal e como amósase a continuación:

▪ Grupo 1: composto por 7 alumnos e alumnas, 2 deles escolarizados en 1º EP a tempo completo, 1 escolarizado en 3ºEP a tempo completo, 1 a tempo completo en EI e 3 en combinada escolarizados en EI cuxos centros de referencia son: CEIP Juana de Vega e CEIP de Galán; conformándose así como unha aula con perfil mixto. Este alumnado presenta diferentes dificultades que lle impiden un desenvolvemento adecuado do currículo, tales como Síndrome de Down, Rubinstein Taybi, anomalías xenéticas e TEA. Para a súa atención precisáronse os seguintes recursos persoais:

- Mestra titora: Silvia Andión García
- Mestra de apoio: Raquel García Sánchez
- Mestra de relixión: Sonia Saló
- Mestra de inglés: Irene Yáñez Leiro
- Coidadora: Luz López Chenel



III. Estrutura organizativa-pedagóxica

A estrutura organizativa-pedagóxica desta aula baseouse principalmente no traballo globalizado dos distintos ámbitos que se imparten na EI, adaptándoas ás distintas dificultades do alumnado. O ambiente estaba moi estruturado tanto a nivel espacial como temporal para facilitar a comprensión e a anticipación das tarefas diarias do alumnado.

Debido as necesidades complexas de comunicación que presentaba todo o alumnado escolarizado nesta etapa de EI optouse pola multimodalidade comunicativa empregando linguaxe oral, signos e pictogramas con soporte en comunicadores dinámicos robustos, todo baixo o paradigma da linguaxe natural asistida.

Participouse na actividade de Música terapia 1 hora semanal ao longo de todo o curso.

Tamén estivo presente durante as tres avaliacións alumnado en prácticas do ciclo de Mediación comunicativa, que foi de moita axuda no transcurso diario das clases.

IV. Recursos

Entre os recursos materiais utilizados atopamos diversos materiais manipulativos de elaboración propia como materiais TEACCH, memoris, bingos, puzzles, insertables, lotos fonéticos, xogos de construción, taboleiros de dobre entrada, figuras xeométricas, xogos de escritura e numeración, material multisensorial, tablets (con comunicadores Grid3, Proloquo2go, Eneso Verbo), ordenador e pizarra interactiva na que se facía uso de actividades interactivas de todas as materiais, a través de aplicacións como Liveworksheets (<https://www.liveworksheets.com/>), genially (<https://www.genial.ly/>), tinytap (<https://www.tinytap.com/>), cokitos (<https://www.cokitos.com/>) learningapps (<https://learningapps.org/>) e educaplay (<https://es.educaplay.com/>).

V. Grado de consecución dos obxectivos propostos na PXA.

Debido as necesidades heteroxéneas do alumnado, o resultado da consecución dos obxectivos propostos foi dispar pero, en xeral, moi positiva. Fomentouse o traballo en grupo para favorecer a cohesión grupal e a socialización do alumnado a través de actividades lúdicas e xogos. Para un traballo máis individualizado realizáronse desdobres que permitían unha atención máis personalizada con cada un dos alumnos traballando o currículo de xeito globalizado e atendendo aos seus centros de interese e a curva atencional e de fatiga.

Destacar que dentro das rutinas da aula hai un maior aproveitamento das primeiras sesións da mañá. A partir do tempo de lecer, onde se programaron actividades máis manipulativas ou noutras estancias do centro, o aproveitamento era algo menor, debido ás propias características do alumnado e as dificultades nos tempos de atención.

No último trimestre, cando xa estaban máis acadadas as rutinas da aula e o alumnado máis predisposto ao traballo autónomo, fixéronse axustes en canto a estruturación do espazo da aula, coa intención de aumentar os tempos de traballo en mesa.

Tras a situación xerada pola Pandemia do virus COVID-19 volveron as saídas polo neste curso realizouse unha saída á biblioteca Miguel González Garcés onde desfrutamos dunha sesión de contacontos, a charla da Policía “Os Parrulos saen á rúa” onde aprenderon educación vial, e finalmente, saída ao Aquarium Finisterrae.

Noutra banda, é salientable a participación do profesorado e do seu alumnado en todas as conmemoracións do centro como o Magosto, o Samaín, a ENKI, o Nadal, o Entroido e a Xuntanza cas familias de final de curso. O fío condutor de todas as actividades foi o Camiño de Santiago por ruta marítima, a través do proxecto “Polo bo Camiño” elaborado desde o Equipo de Dinamización da Lingua Galega e os Equipos de Ciclo de EP e ESO como Proxecto de Centro para este curso 2021/2022.



VI. Coordinacións

No referido á coordinación coas familias este ano a maioría de reunións realizáronse de forma presencial e cos centros de referencia do alumnado en escolarización combinada fixéronse reunións presenciais ou telemáticas a través da plataforma CISCO WEBEX en función dos horarios. Empregouse tanto a axenda, como o correo ou o abalar para a comunicación coas familias e cos centros e, en xeral, foi satisfactoria.

Por outra banda, a nivel de coordinación interna, ademais do horario estipulado para iso, o profesorado compartiu materiais e propostas a través dun Drive de xeito que podiamos axudarnos e aproveitar recursos entre docentes. Igualmente, a procura de momentos para axudarnos e coordinar as diferentes actividades durante o curso, en xeral foi bastante boa.

Tamén se estableceron reunións de coordinación con outros recursos externos entre os que se atopan o EOE, a Unidade de Atención Temperá do hospital Teresa Herrera e a Asociación Down.

VII. Conmemoracións

- 20 de novembro de 2021: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2021: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2021: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2022: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2022: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 24 de febreiro de 2022: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2022: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2022: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 7 ao 11 de marzo de 2022: Semana da Prensa. Un día desta semana traballárase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 18 e o 22 de abril de 2022: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2022: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2022: Día de Europa.
- Do 16 ao 20 de maio de 2022: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2022: Día Mundial do Medio Ambiente.

Outras celebracións de interese para o centro foron: Samaín, magosto, nadal, entroido e a organización da carreira ENKI no noso centro

VIII. Conclusións e propostas de mellora.

A valoración global do curso foi bastante positiva. Entre os aspectos que axudaron a que isto fora así podemos destacar: a flexibilidade coa que se puido traballar e a colaboración do profesorado en xeral. Como aspecto negativo destacar a imposibilidade de abordar todas as necesidades ofrecendo unha adecuada atención individualizada en todos os ámbitos por falta de horario e/ou persoal.

Entre as dificultades xurdidas ao longo deste curso destacamos:

- A dificultade inicial para a asimilación das rutinas da aula e de hábitos de traballo no alumnado de nova incorporación.
- Diferentes situacións de conductas disruptivas de alumnado con dificultades de regulación.



- Dificultades de comunicación con algunhas familias.

Propostas de mellora

- Facilitar un entorno mais apropiado para o desenvolvemento da autonomía do alumnado, especialmente no momento do baño e aseo.
- Establecer sesións de atención individual ao alumnado con especialistas en AL.
- Mellorar a calidade educativa e atención ao alumnado, para o que se precisa contar con profesorado de PT.
- Aumentar a formación do profesorado no ámbito da LSE e atención á diversidade.
- Proxecto para a introdución da CAA nas aulas a través do linguaxe natural asistido e formación de todo o persoal do centro e incluílo na Escola de nais e pais.
- Potenciar as metodoloxías activas y aprendizaxe por servizos que aúnen a conceptualización coa experimentación e o traballo en equipo.
- Favorecer as relacións persoais que promovan a implicación activa de toda a comunidade educativa, especialmente a colaboración activa e o apoio das familias nas actividades e propostas do centro.
- Potenciar as capacidades afectivas do alumnado, así como as actitudes contrarias á violencia, prexuízos e calquera estereotipo de xénero.
- Perseguir a practicidade na burocracia, así como a súa adecuación á realidade do noso centro.
- Ter unha hora á semana de elaboración de material, adaptacións e preparación de actividades multiniveis.
- Facer as actividades e programación en conxunto. Traballar por proxectos multinivel.
- Elaboración con tempo as concrecións curriculares, para facilitar a elaboración das adaptacións.

24. Memoria do Equipo de Educación Primaria

I. Composición do equipo de Educación Primaria

O profesorado pertencente á etapa de Educación Primaria é o seguinte:

- Irene Yáñez Leiro (coordinadora), titora do grupo 3 e especialista en inglés grupos 3,4,5,6,7,9.
- Patricia Prieto Lorenzo, apoio grupo 3 e especialidades grupos 2,4,5.
- Beatriz S. Reimúndez Rodríguez, titora do grupo 2 e especialista en inglés grupos 2,8,10.
- Alicia Queiro Pereira, apoio e especialidades do grupo 2.
- Beatriz Caamaño Louro, titora do grupo 8.
- María da Barca Fernández Aguado, titora Centro de recursos 1.

II. Descrición dos grupos de primaria

Actualmente, no centro hai 3 aulas de EP e outras 5 con parte do seu alumnado pertencente tamén a esta etapa educativa, tal e como amósase a continuación:

- Grupo 1: composto por 6 alumnos e alumnas, 2 deles escolarizados en 1º EP a tempo completo, 1 escolarizado en 3ºEP a tempo completo, 1 a tempo completo en EI e 3 en combinada escolarizados en EI cuxos centros de referencia son: CEIP Juana de Vega e CEIP de Galán; conformándose así como unha aula con perfil mixto. Este alumnado presenta diferentes dificultades que lle impiden un desenvolvemento adecuado do currículo, tales como Síndrome de Down, Rubinstein Taybi, anomalías xenéticas, TEA e . Para a súa atención precisáronse os seguintes recursos persoais:

- Mestra titora: Silvia Andión García



- Mestra de apoio: Raquel García Sánchez
- Mestra de relixión: Sonia Saló García
- Mestra de inglés: Irene Yáñez Leiro
- Coidadora: Luz López Chenel

▪ Grupo 2: composto por 5 alumnos e alumnas, escolarizados en 3 e 4º EP a tempo completo. Este alumnado presenta diferentes dificultades que lle impiden un desenvolvemento adecuado do currículo, atopándose entre elas NEE asociadas a TEA e Trastorno do Desenvolvemento que afecta a todas as áreas do mesmo, en especial ao comunicativo-lingüístico.

Para a súa atención precisáronse os seguintes recursos persoais:

- Mestra titora: Beatriz S. Reimúndez Rodríguez
- Mestra de apoio e especialidades: Alicia Queiro Pereira
- Mestra de relixión: Sonia Saló García
- Coidadora: Fátima Toral Pérez

▪ Grupo 3: composto por 10 alumnos e alumnas, 1 alumna escolarizada a tempo completo en 5º de EP e 9 alumnos/as escolarizados en modalidade combinada en diferentes niveis de EP:

○ Unha alumna de 5º EP, en modalidade combinada co Colexio Fogar Sta. Margarida, que acode ao noso centro 3 días á semana.

- Unha alumna de 3º EP, en modalidade combinada co CEIP Plurilingüe de Bragade.
- Unha alumna de 4º EP, en modalidade combinada co CEIP Juana de Vega.
- Un alumno de 3º EP, en modalidade combinada co CEIP Fernández Latorre.
- Unha alumna de 5º EP, en modalidade combinada co CEIP Víctor López Seoane.
- Unha alumna de 2º EP, en modalidade combinada co CEIP Sal Lence.
- Un alumno de 3º EP, en modalidade combinada co CEIP Mesoiro.
- Un alumno de 5º EP, en modalidade combinada co CEIP San Pedro de Visma.
- Unha alumna de 2º EP, en modalidade combinada co CEIP de Galán.

Este alumnado presenta diferentes dificultades que lle impiden un desenvolvemento adecuado do currículo, atopándose entre elas NEE asociadas a TEA, TDL, hipoacusia, agenosia do corpo calloso, retraso global do desenvolvemento, atraso na linguaxe e psicomotor, hipoacusia, trastornos de conducta...

Para a súa atención precisáronse os seguintes recursos persoais:

- Mestra titora: Irene Yáñez Leiro
- Mestra de apoio e especialidades: Patricia Prieto Lorenzo
- Mestra de inglés: Irene Yáñez Leiro

• Grupo 4: composto por catro alumnas a tempo completo, escolarizadas en 1º e 2º da ESO, e dous alumnos en escolarización combinada (un acode ao noso centro mércores, xoves e venres e o outro luns e martes) escolarizados en 5º e 6º de EP e os seus centros de referencia son o CEIP Ponte dos Brozos e o CEIP San Francisco de Asis. Con idades comprendidas entre 12 e 17 anos. Presentan distintas patoloxías TDAH, disfasia, trastorno negativista desafiante, TEA, síndrome de Down e retraso da linguaxe. Nesta aula hai diferentes niveis curriculares, dende infantil hasta 3º de EP, conformándose así como unha aula con perfil mixto

Para a súa atención precisaron os seguintes RECURSOS persoais:

- Mestra titora: Noela Rivas León
- Mestra de EPV e EF: Patricia Prieto
- Mestra de Inglés: Irene Yáñez
- Mestra de relixión: Sonia Saló



- Mestra de apoio: Rosa Dosil
- Coidadora: Patricia Pérez Poncio

• Grupo 5: composto por 5 alumnos escolarizados a tempo completo no noso centro escolarizados entre 6º de EP e 1º da ESO.. Con idades comprendidas entre 13 e 17 anos. Presentan distintas patoloxías TDAH, , TEA, discapacidade intelectual ou Síndrome de Hunter. Nesta aula hai diferentes niveis curriculares, entre EI e EP.

Para a súa atención precisaron os seguintes RECURSOS persoais:

- Mestra titora: Silvia Freire López / Inés Roa Eiroa
- Mestra de EPV e EF: Patricia Prieto
- Mestra de Inglés: Irene Yáñez
- Mestra de relixión: Sonia Saló
- Mestra de apoio: María da Barca
- Coidadora: Isabel Ramos Palleiro

• Grupo 6: composto por cinco alumnos a tempo completo, escolarizados entre 5º de EP e 2º da ESO. Con idades comprendidas entre 13 e 18 anos. Presentan distintas patoloxías Síndrome de West, TEA ou Síndrome de Dravet. Nesta aula o nivel curricular e de 1º ciclo de Educación infantil.

Para a súa atención precisaron os seguintes RECURSOS persoais:

- Mestra titora: Zaida Pena Martínez/ Natalia Fandiño
- Mestra de EPV e EF: Begoña Currás Barreiro
- Mestra de inglés: Irene Yáñez Leiro
- Mestra de apoio: Noelia López López
- Coidadora: María Concepción Piñeiro Andón

• Grupo 7: conformado ao inicio de curso por oito alumnos, actualmente son sete posto que no segundo trimestre solicitaron a escolarización a tempo completo no centro base (CEIP Concepción Arenal) para un dos rapaces. Do grupo 3 alumnos están escolarizados a tempo completo no centro e cursan 1º e 2º da ESO.

Os catro restantes atópanse en escolarización combinada e pertencen a cursos entre 5º de EP e 4º da ESO e os seus centros de referencia son: IES María Casares, CEIP Sagrada Familia, CEIP Curros Enríquez e CPR Liceo la Paz. Con idades comprendidas entre os 12 e os 17 anos. Presentan niveis curriculares moi diferentes entre eles (ente 1º e 6º EP) conformándose así como unha aula con perfil mixto. Estes alumnos presentan diversas patoloxías entre elas TEA, TDAH, retraso madurativo, epilepsia ou retraso da linguaxe. En ocasións as condutas disruptivas de algúns alumnos imposibilitan o desenvolvemento das clases

En principio, do alumnado deste grupo, para o próximo curso un dos alumnos que está no noso centro a tempo completo solicitou cambio para un centro ordinario e para un dos que acode en combinada querén solicitar a escolarización a tempo completo no noso centro

Para a súa atención precisaron os seguintes RECURSOS persoais:

- Mestra titora: María Luisa Corral Valín
- Mestra de EPV e EF: Begoña Currás
- Mestra de Inglés: Irene Yáñez Leiro
- Mestra de relixión: Sonia Saló García



- Grupo 8: composto na súa totalidade por alumnado con discapacidade auditiva. Dous alumnos a tempo completo, escolarizados en 3º e 6º de EP, e dous alumnos en escolarización combinada (un acode ao noso centro martes e xoves e o outro luns e mércores) escolarizados en 4º e 5º de EP e os seus centros de referencia son CEIP Recimil e CEIP Rosalía de Castro. Con idades comprendidas entre 11 e 14 anos. Esta aula é preferente de alumnado con discapacidade auditiva, polo que todos os días despois do recreo incorpóranse ao aula 2 alumnos que están cursando FP para traballar rehabilitación auditiva. Nesta aula hai diferentes niveis curriculares, entre 3º y 6º de EP.

En principio, do alumnado deste grupo, para o próximo curso un dos alumnos que está no noso centro a tempo completo solicitou cambio para un centro ordinario e para un dos que acode en combinada solicitouse dende o seu centro base a escolarización a tempo completo no mesmo.

Para a súa atención precisaron os seguintes RECURSOS persoais:

- Mestra titora: Beatriz Caamaño Louro/ Rebeca Romero
- Mestra de EPV EF: Begoña Currás
- Mestra de relixión: Sonia Saló
- Mestre de Inglés: Beatriz S. Reimúndez

III. Estrutura organizativa-pedagóxica

A estrutura organizativa-pedagóxica destas aulas baseouse principalmente nas distintas materias que se imparten na EP, adaptándoas ás distintas dificultades do alumnado. Para cada un/unha destas alumnas/os foi elaborada unha A.C. na que se suprimiron/adaptaron os criterios de avaliación, os contidos, os estándares de aprendizaxe e as competencias clave do currículo de EP. da LOMCE ás súas capacidades. Todo isto está especificado en cada una das A.C.

En case todas as aulas de EP houbo alumnado en prácticas tanto do ciclo de Mediación comunicativa, como alumnado de grao en Logopedia e máster en “Patoloxías da comunicación, linguaxe e fala”, que foron de moita axuda no transcurso diario das clases.

IV. Recursos

Entre os recursos materiais utilizados atopamos comunicadores (Grid3, Proloquo 2go, Eneso Verbo) fichas e materiais manipulativos de elaboración propia como materiais TEACCH, memoris, bingos, puzzles, insertables, lotos fonéticos, xogos de construción, taboleiros de dobre entrada, figuras xeométricas, xogos de escritura e numeración, material multisensorial, tablets, ordenador e pizarra dixital, libros adaptados e cuadernillos de problemas matemáticos e lecturas comprensivas da editorial GEU.

Todo isto complementouse co uso da aula virtual a través da que se subían diferentes materiais, de forma esporádica, para complementar e afianzar o xa traballado na aula.

Ademáis do uso de actividades interactivas de todas as materiais, a través de aplicacións como Liveworksheets (<https://www.liveworksheets.com/>), genially (<https://www.genial.ly/>), kahoot (<https://kahoot.it/>), learningapps (<https://learningapps.org/>) e educaplay (<https://es.educaplay.com/>).

V. Grado de consecución dos obxectivos propostos na PXA.

Ao longo do curso levouse a cabo un traballo co alumnado o máis individualizado posible. Segundo isto e observando que a dinámica de traballo en equipo era a que mellor funcionaba, nas diferentes actividades, tarefas e obradoiros que se levaron a cabo, traballouse tanto en gran grupo como en pequenos grupos



interniveis, o que resultou beneficioso e gratificante, pero ás veces complicado sen os apoios necesarios. Ao longo do curso houbo que facer axustes nos apoios dentro da aula e aumentar especialmente os apoios nunha das aulas de Primaria por necesidades derivadas de problemas de graves de conducta. Así mesmo, cabe destacar a importancia que se lle deu á cultura do respecto e solución de conflitos mediante o diálogo e razoamento en grupo e os momentos de titoría entre iguais. Igualmente, resultou moi positiva na maioría dos casos, a presenza das alumnas de prácticas ao longo do curso, pois permitiu que a atención fose moito máis individualizada.

Tras a situación xerada pola Pandemia do virus COVID-19 volveron as saídas.

Noutra banda, é salientable a participación do profesorado e do seu alumnado en todas as conmemoracións do centro como o Magosto, o Samaín, a ENKI, o Nadal, o Entroido e a Xuntanza cas familias de final de curso. A nivel aula, continuouse co Clube de Ciencias e Voz Natura (valorando como moi positiva a presenza e aproveitamento do horto escolar, de xeito que interviñeron nos diferentes procesos dende preparar a terra, sementar, plantar nos bancais, rego e observación dos cambios, sendo especialmente destacable o desfrute e predisposición do alumnado cara estas tarefas). A nivel de centro, o fío condutor de todas as actividades foi o Camiño de Santiago por ruta marítima, a través do proxecto “Polo bo Camiño” elaborado desde o Equipo de Dinamización da Lingua Galega e os Equipos de Ciclo de EP e ESO como Proxecto de Centro para este curso 2021/2022.

VI. Coordinacións

Polo que respecta á coordinación coas familias, non sempre foi todo o positiva que cabería de esperar, habendo casos de familias coas que se levaron a cabo a varias titorías por curso e trimestre, xa sexa presenciais, por teléfono ou por videochamada, e outras coas que foron escasos os encontros formais. Este sería un aspecto a mellorar de cara ao vindeiro curso. Por outra banda, a nivel de coordinación interna, ademais do horario estipulado para iso, o profesorado compartiu materiais e propostas a través dun Drive de xeito que podiamos axudarnos e aproveitar recursos entre docentes. Igualmente, a procura de momentos para axudarnos e coordinar as diferentes actividades durante o curso, en xeral foi bastante boa.

Actualmente no noso centro a tempo completo están escolarizados 14 alumnos/as. En canto aos resultados da avaliación de todo o alumnado pertencente á EP especificase que 1 promociona, 11 promocionan por imperativo legal, 1 flexibiliza e 1 repite.

VII. Conmemoracións

- 20 de novembro de 2021: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2021: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2021: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2022: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2022: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 24 de febreiro de 2022: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2022: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2022: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 7 ao 11 de marzo de 2022: Semana da Prensa. Un día desta semana traballárase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 18 e o 22 de abril de 2022: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2022: Día Internacional contra o Acoso Escolar.



- 9 de maio de 2022: Día de Europa.
- Do 16 ao 20 de maio de 2022: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2022: Día Mundial do Medio Ambiente.

Outras celebracións de interese para o centro foron: Samaín, magosto, nadal, entroido e a organización da carreira ENKI no noso centro

VIII. Conclusións e propostas de mellora.

A valoración global do curso foi bastante positiva. Entre os aspectos que axudaron a que isto fora así podemos destacar: a flexibilidade coa que se puido traballar e a colaboración do profesorado en xeral. Como aspecto negativo destacar a imposibilidade de abordar todas as necesidades ofrecendo unha adecuada atención individualizada en todos os ámbitos por falta de horario e/ou persoal.

Entre as dificultades xurdidas ao longo deste curso destacamos:

- A complexa situación relacionada coa conducta disruptiva dalgúns alumnos que provocan a rotura constante do ritmo da aula.
- A falta de asistencia continuada dunha alumna, xustificada por causas médicas.
- Situacións de corentena derivadas polo COVID-19.
- Dificultades de comunicación con algunhas familias

Propostas de mellora

- Mellorar a calidade educativa e atención ao alumnado, para o que se precisa contar con profesorado de PT.
- Sesións individuais de AL.
- Necesario máis persoal coidador.
- Ter en conta na medida do posible o perfil semellante do alumnado combinado para tentar que coincidiran os días de asistencia e así poder ofrecer unha mellor resposta educativa.
- Potenciar as metodoloxías activas y aprendizaxe por servizos que aúnen a conceptualización coa experimentación e o traballo en equipo.
- Incrementar no alumnado a súa autonomía non só a nivel comunicativo – lingüístico:
 - o Establecer obxectivos adecuados á realidade de cada alumno/a.
 - o Incluír actividades deseñadas especificamente para que o alumnado desenvólvese no seu día a día.
- Favorecer as relacións persoais que promovan a implicación activa de toda a comunidade educativa, especialmente a colaboración activa e o apoio das familias nas actividades e propostas do centro.
- Potenciar as capacidades afectivas do alumnado, así como as actitudes contrarias á violencia, prexuízos e calquera estereotipo de xénero.
- Perseguir a practicidade na burocracia, así como a súa adecuación á realidade do noso centro.
- Ter unha hora á semana de elaboración de material, adaptacións e preparación de actividades multiniveis.
- Facer as actividades e programación en conxunto. Traballar por proxectos multinivel.
- Creación dunha aula de convivencia para o alumnado que distorsiona as clases ou cuxas conductas son inapropiadas.
- Elaboración con tempo as concrecións curriculares, para facilitar a elaboración das adaptacións.



25. Memoria Educación Secundaria Obligatoria

I. Composición do equipo de ciclo ESO

O equipo está conformado por:

- Noela Emilia Rivas León
- Silvia Freire López
- Zaida Pena Martínez/ Natalia Fandiño Louzao
- Begoña Currás Barreiro
- Noelia López López
- Sonia Saló García
- María Luisa Corral Valín (coordinadora)

II. Descrición dos grupos de secundaria

O centro está conformado por catro aulas de secundaria (con alumnado pertencente ao 1º e 2º curso e diferentes NEAE) con alumnado escolarizado a tempo completo no noso centro e algunhas con alumnado en escolarización combinada (pertencente a ESO e a EP).

- Grupo 4: composto por catro alumnas a tempo completo, escolarizadas en 1º e 2º da ESO, e dous alumnos en escolarización combinada (un acode ao noso centro mércores, xoves e venres e o outro luns e martes) escolarizados en 5º e 6º de EP e os seus centros de referencia son o CEIP Ponte dos Brozos e o CEIP San Francisco de Asis. Con idades comprendidas entre 12 e 17 anos. Presentan distintas patoloxías TDAH, disfasia, trastorno negativista desafiante, TEA, síndrome de down e retraso da linguaxe. Nesta aula hai diferentes niveis curriculares, dende infantil hasta 3º de EP, conformándose así como unha aula con perfil mixto.

Para a súa atención precisaron os seguintes RECURSOS persoais:

- Mestra titora: Noela Rivas León
- Mestra de EPV e EF: Patricia Prieto
- Mestra de Inglés: Irene Yáñez
- Mestra de relixión: Sonia Saló
- Mestra de apoio: Rosa Dosil
- Coidadora: Patricia Pérez Poncio

- Grupo 5: composto por 5 alumnos escolarizados a tempo completo no noso centro escolarizados entre 6º de EP e 1º da ESO. Con idades comprendidas entre 13 e 17 anos. Presentan distintas patoloxías TDAH, TEA, discapacidade intelectual ou Síndrome de Hunter. Nesta aula hai diferentes niveis curriculares, entre EI e EP.

Para a súa atención precisaron os seguintes RECURSOS persoais:

- Mestra titora: Silvia Freire López / Inés Roa
- Mestra de EPV e EF: Patricia Prieto
- Mestra de Inglés: Irene Yáñez
- Mestra de relixión: Sonia Saló
- Mestra de apoio: María da Barca
- Coidadora: Isabel Ramos Palleiro



• Grupo 6: composto por cinco alumnos a tempo completo, escolarizados entre 5º de EP e 2º da ESO. Con idades comprendidas entre 13 e 18 anos. Presentan distintas patoloxías Síndrome de West, TEA ou Síndrome de Dravet. Nesta aula o nivel curricular e de 1º ciclo de Educación infantil.

Para a súa atención precisaron os seguintes RECURSOS persoais:

- Mestra titora: Zaida Pena Martínez/ Natalia Fandiño Louzao
- Mestra de EPV e EF: Begoña Currás Barreiro
- Mestra de inglés: Irene Yáñez
- Mestra de apoio: Noelia López López
- Coidadora: María Concepción Piñeiro Andón

• Grupo 7: conformado ao inicio de curso por oito alumnos, actualmente son sete posto que no segundo trimestre solicitaron a escolarización a tempo completo no centro base (CEIP Concepción Arenal) para un dos rapaces. Do grupo 3 alumnos están escolarizados a tempo completo no centro e cursan 1º e 2º da ESO.

Os catro restantes atópanse en escolarización combinada e pertencen a cursos entre 5º de EP e 4º da ESO e os seus centros de referencia son: IES María Casares, CEIP Sagrada Familia, CEIP Curros Enríquez e CPR Liceo la Paz. Con idades comprendidas entre os 12 e os 17 anos. Presentan niveis curriculares moi diferentes entre eles (ente 1º e 6º EP) conformándose así como unha aula con perfil mixto. Estes alumnos presentan diversas patoloxías entre elas TEA, TDAH, retraso madurativo, epilepsia ou retraso da linguaxe. En ocasións as conductas disrruptivas de algúns alumnos imposibilitan o desenvolvemento das clases

En principio, do alumnado deste grupo, para o próximo curso un dos alumnos que está no noso centro a tempo completo solicitou cambio para un centro ordinario e para un dos que acode en combinada queren solicitar a escolarización a tempo completo no noso centro

Para a súa atención precisaron os seguintes RECURSOS persoais:

- Mestra titora: María Luisa Corral Valín
- Mestra de EPV e EF: Begoña Currás
- Mestra de Inglés: Irene Yáñez
- Mestra de relixión: Sonia Saló

III. Estrutura organizativa-pedagóxica

A estrutura organizativa-pedagóxica destas aulas baseouse principalmente nas distintas materias que se imparten na E.S.O., adaptándoas ás distintas dificultades do alumnado. Para cada un/unha destas alumnas/os foi elaborada unha A.C. na que se suprimiron/adaptaron os criterios de avaliación, os contidos, os estándares de aprendizaxe e as competencias clave do currículo de 1º e 2º da E.S.O. da LOMCE ás súas capacidades. Todo isto está especificado en cada una das A.C.

En todas as aulas de secundaria houbo alumnado en practicas tanto do ciclo de Mediación comunicativa e integración social, como alumnado de grao en Logopedia e máster en “Patoloxías da comunicación, linguaxe e fala”, que foron de moita axuda no transcurso diario das clases

IV. Recursos

Entre os recursos materiais utilizados atopamos fichas e materiais manipulativos de elaboración propia como materiais TEACCH, memoris, bingos, puzzles, insertables, lotos fonéticos, xogos de construción, taboleiros de dobre entrada, figuras xeométricas, xogos de escritura e numeración, material multisensorial, tablets, ordenador e pizarra dixital, libros adaptados da editorial Proxecto Dimes, libros adaptados de 1º e



2º da ESO da Fundación “Integra” e cuadernillos de problemas matemáticos e lecturas comprensivas da editorial GEU.

Todo isto complementouse co uso da aula virtual a través da que se subían diferentes materiais, de forma esporádica, para complementar e afianzar o xa traballado na aula.

Ademáis do uso de actividades interactivas de todas as materiais, a través de aplicacións como Liveworksheets (<https://www.liveworksheets.com/>), genially (<https://www.genial.ly/>), kahoot (<https://kahoot.it/>), learningapps (<https://learningapps.org/>) e educaplay (<https://es.educaplay.com/>).

V. Grado de consecución dos obxectivos propostos na PXA

Ao longo de todo o curso levouse adiante un traballo co alumnado o máis individualizado posible, sempre relacionado coas súas necesidades individuais. Tendo isto en conta, tamén se trataron de levar a cabo actividades grupais e de multinivel, para fomentar o seu desenvolvemento socio- afectivo.

Este ano as actividades grupais a es saídas foron retomando a normalidade, (en función da situación sanitaria, comezamos o curso con moita restrición e uso de máscara, pero a medida que avanzou o ano fomos mellorando a situación) o que favoreceu o desenvolvemento socioafectivo e o traballo de Habilidades sociais co alumnado.

Ao igual que o curso anterior continúa o club de Ciencias e Voz Natura (horto urbano) con actividades que se desenvolveron a nivel de aula e que tiveron moi boa acollida entre os rapaces. Todas as actividades a nivel centro realizáronse seguindo a temática do Camiño de Santiago por ruta marítima, que foi a escollida como Proxecto de Centro para este curso 2021/2022.

VI. Coordinacións

No referido á coordinación coas familias este ano a maioría de reunión realizáronse de forma presencial e cos centros de referencia do alumnado en escolarización combinada fixéronse reunións presenciais ou telemáticas a través da plataforma CISCO WEBEX en función dos horarios.

Empregouse tanto a axenda, como o correo ou o abalar para a comunicación coas familias e cos centros.

Por outra banda, a nivel de coordinación interna, ademais do horario estipulado para iso, o profesorado compartiu materiais e propostas a través dun Drive de xeito que podiamos axudarnos e aproveitar recursos entre docentes. Igualmente, a procura de momentos para axudarnos e coordinar as diferentes actividades durante o curso, en xeral foi bastante boa.

VII. Conmemoracións

- 20 de novembro de 2021: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2021: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2021: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2022: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2022: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 24 de febreiro de 2022: Día de Rosalía de Castro.



– 8 de marzo de 2022: Día Internacional da Muller.
– 15 de marzo de 2022: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
– Do 7 ao 11 de marzo de 2022: Semana da Prensa. Un día desta semana traballárase na aula con xornais.

- 7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 18 e o 22 de abril de 2022: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2022: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2022: Día de Europa.
- Do 16 ao 20 de maio de 2022: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2022: Día Mundial do Medio Ambiente.

Outras celebracións de interese para o centro foron: Samaín, magosto, nadal, entroido e a organización da carreira ENKI no noso centro

VIII. Actividades realizadas ao longo do curso:

- Novembro:
 - Don R que R: actividade destinada a concienciar sobre a importancia de reciclar
 - Corpo Nacional da Policía:
 - ✓ Uso responsable das novas tecnoloxías
 - ✓ Prevención consumo de drogas e alcohol
 - ✓ Prevención violencia e xénero
 - ✓ Acoso escolar
- Decembro:
 - Taller de robótica
- Xaneiro:
 - Coruña móvese indiferente, charla impartida pola policía local
- Febreiro:
 - Coñece o bus urbano, visita a estación de autobuses da Coruña
 - Charla sobre o consumo e a publicidade
 - Visita a fundación Luis Seoane
- Marzo:
 - Roteiro pola Cidade Vella
 - Visita ao Castro do Viña
 - Visita a Nao Santa María e a carabela Veracruz
 - Visita a Torre de Hércules
 - Deporte adaptado ENKI
- Abril:
 - Visita casa museo Picasso “O mozo Picasso”
 - Obradoiro sobre Rosalía de Castro
 - Obradoiro nutrición e dietética
 - Visita a biblioteca pública
 - Visita a Capitanía
 - Visita ao Castelo de San Antón
 - Obradoiro “Ruta da auga”
- Maio:
 - Itinerario Rio Mero
 - Visita a Domus
 - Visita a casa das ciencias
 - Visita ao acuario



- Saída Voz Natura a Celas de Peiro
- Roteiro Isabel Zendal
- Xuño:
- Contacontos Charo Pita
- Xuntanza coas familias

IX. Conclusións e propostas de mellora

Actualmente no noso centro a tempo completo están escolarizados 17 alumnos/as. En canto aos resultados da avaliación de todo o alumnado pertencente á ESO especificase que 1 promociona, 12 promocionan por imperativo legal e 4 repiten.

A valoración global do curso foi bastante positiva. Entre os aspectos que axudaron a que isto fora así podemos destacar: a flexibilidade coa que se puido traballar e a colaboración do profesorado en xeral. Como aspecto negativo destacar a imposibilidade de abordar todas as necesidades ofrecendo unha adecuada atención individualizada en todos os ámbitos por falta de horario e/ou persoal.

Entre as dificultades xurdidas ao longo deste curso destacamos:

- A complexa situación relacionada coa conducta disruptiva de algúns alumnos que provocan a rotura constante do ritmo da aula.
- A falta de asistencia continuada dunha alumna, xustificada por causas médicas.
- Situacións de cuarentena derivadas polo COVID-19 (ao comezo de curso)
- Dificultades de comunicación con algunhas familias

Propostas de mellora.

- Mellorar a calidade educativa e atención ao alumnado, para o que se precisa contar con profesorado de PT
 - Sesións individuais de AL
 - Necesario máis persoal coidador
 - Ter en conta na medida do posible o perfil semellante do alumnado combinado para tentar que coincidiran os días de asistencia e así poder ofrecer unha mellor resposta educativa.
 - Potenciar as metodoloxías activas y aprendizaxe por servizos que aúnen a conceptualización coa experimentación e o traballo en equipo.
 - Incrementar no alumnado a súa autonomía non só a nivel comunicativo - lingüístico.
 - Establecer obxectivos adecuados á realidade de cada alumno/a.
 - Incluír actividades deseñadas especificamente para que o alumnado desenvólvese no seu día a día
 - Favorecer as relacións persoais que promovan a implicación activa de toda a comunidade educativa, especialmente a colaboración activa e o apoio das familias nas actividades e propostas do centro.
 - Potenciar as capacidades afectivas do alumnado, así como as actitudes contrarias á violencia, prexuízos e calquera estereotipo de xénero.
 - Perseguir a practicidade na burocracia, así como a súa adecuación á realidade do noso centro.
 - Ter unha hora á semana de elaboración de material, adaptacións e preparación de actividades multiniveis.
 - Facer as actividades e programación en conxunto. Traballar por proxectos multinivel
 - Creación dunha aula de convivencia para o alumnado que distorsiona as clases ou cuxas conductas son inapropiadas
- Elaboración con tempo as concrecións curriculares, para facilitar a elaboración das adaptacións.



26. Memoria dos programas formativos de FP básica

I. Recursos persoais

PROFESIONAIS	FUNCIÓNS
Beatriz Caamaño Louro	Mestra en Audición e linguaxe. Módulo de Comunicación e Sociedade I e Ciencias Aplicadas I.
Victoria García Álvarez	Mestra en Audición e linguaxe. Módulo de Comunicación e Sociedade I e Ciencias Aplicadas I.
Noelia López López	Mestra en Audición e linguaxe. Módulo de Ciencias Aplicadas I.
Beatriz Reimúndez Rodríguez	Mestra en Audición e linguaxe. Módulo de Comunicación e Sociedade I: Comunicación en lingua inglesa I
Begoña Currás Barreiro	Mestra en Audición e linguaxe. Módulo de Ciencias Aplicadas I.
Irene Yáñez Leiro	Mestra en Audición e linguaxe. Módulo de Comunicación e Sociedade I: Comunicación en lingua inglesa I
M ^a Teresa Martín García	Titora do PFB Actividades Domésticas. Profesora técnico de FP da especialidade de Servizos á Comunidade. Módulos de Cociña doméstica e de Mantemento de pezas de vestir e roupa do fogar.
Rebeca Abalo Otero	Titora do PFB Limpeza de edificios. Profesora técnico de FP da especialidade de Servizos á Comunidade. Módulos de Limpeza de domicilios particulares, edificios, oficinas e locais, e Limpeza con máquinas.
M ^a del Pilar Arias Vázquez	Titora do PFB de Estética e Peiteado. Profesor Técnico de FP da especialidade de Estética. Módulos de Coidados estéticos básicos de uñas, Preparación do contorno profesional, Lavado e cambios de forma do cabelo e Cambios de cor no cabelo.

II. Alumnado escolarizado

Durante o curso 2021/2022 escolarizáronse nos Programas Formativos Básicos un total de 21 alumnos e alumnas con diversidade funcional (3 máis que o pasado curso): 7 dentro do programa formativo de Actividades Domésticas, 5 no de Estética e Peiteado, e 8 no de Limpeza de Edificios.

Ao remate do curso o número de matrículas foi de 20 xa que unha das alumnas incorporouse a un centro ocupacional no mes de maio.

III. Consecución de obxectivos

A evolución positiva na situación de emerxencia sanitaria provocada pola Covid-19, foi permitindo levantar as restricións e organizar as sesións de maneira máis flexible e sen grandes limitacións.

Igual que no pasado curso, o alumnado respondeu positivamente na adaptación ás normas que se foron marcando e modificando.

Os obxectivos a acadar por cada alumno e alumna están baseados nos criterios de avaliación do currículo oficial de cada Programa Formativo e indicados en cada unha das programacións.



Para favorecer a consecución dos obxectivos por parte do alumnado, existe a posibilidade de propoñer a fragmentación dos módulos (adoptada previo acordo entre as familias ou tutores do alumnado, o profesorado e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade) polo que o programa pode estenderse a un período de tres cursos escolares.

Dentro do alumnado escolarizado nos PFFP:

- Optouse por flexibilizar os módulos formativos no caso de 10 alumnos e alumnas. (6 no programa de Estética e Peiteado, 3 no de Limpeza de Edificios e 2 no de Actividades Domésticas)
- Non acadaron os mínimos esixibles para poder realizar a FCT e acadar a certificación correspondente 8 alumnos e alumnas. Destacar que aínda que non acadan os obxectivos extraídos dos criterios de avaliación do currículo, si amosan unha clara melloría das actividades de autonomía persoal e social en canto as actividades básicas e avanzadas de cara a unha vida independente.
- Accederon ao módulo de FCT un alumno de Limpeza de Edificios e un alumna de Actividades Domésticas. Na actualidade atópanse realizando o período de formación nun centro de traballo tendo ambos perspectivas positivas de superación.

	Actividades Domésticas	Limpeza de Edificios	Estética e Peiteado
Flexibilización	2	3	6
Non acadaron mínimos esixibles	4	2	2
Acceden á FCT e Certifican	1	1	0
Total	7	6	8

O alumnado que acadou os obxectivos propostos polo currículo nos módulos que cursaron, conseguiron a acreditación das seguintes unidades de competencia:

Programa Formativo De Actividades Domésticas:

- UC1332_1: efectuar o proceso de lavado, pasada de ferro e cosedura básica manual de pezas de vestir e roupa de fogar, e a preparación de camas, en domicilio particular.
- UC0255_1: executar operacións básicas de aprovisionamento, pre-elaboración e conservación culinarios.
- UC1331_1: realizar o proceso de elaboración de alimentos nas súas fases de compra, organización, manipulación, cociñado e conservación, en domicilio particular.

Programa Formativo De Limpeza De Edificios:

- UC0972_1: realizar a limpeza de chans, paredes e teitos en edificios e locais.
- UC0996_1: levar a cabo a limpeza da moblaxe situada no interior dos espazos onde intervir.
- UC1087_1: realizar a limpeza de cristais en edificios e locais.
- UC1330_1: realizar a limpeza de domicilios particulares.
- UC1088_1: realizar a limpeza e o tratamento de superficies en edificios e locais, utilizando maquinaria.

A través do seguimento das distintas programacións, obtívose un bo grao de satisfacción en relación ao cumprimento da mesma.



IV. Coordinación coas familias e asociacións.

Nesta ocasión o protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 permitiu realizar as entrevistas, reunións e contactos coas diferentes familias de maneira presencial co que favoreceu a comunicación e a calidade das mesmas.

Os primeiros contactos tiveron lugar ao inicio do curso escolar, de cara a informar sobre o proxecto formativo básico como: aspectos a desenvolver ao longo do curso; expectativas marcadas; pautas e hábitos de traballo deseñados; así como indicar as novas normas de hixiene, prevención e de seguridade establecidas no protocolo.

Estableceuse contacto coordinado dende o departamento de orientación do centro coas diferentes asociacións das que participan o alumnado como Asociación Down Coruña e FAXPG.

V. Integración e participación en diversas actividades.

As actividades extraescolares das que participaron o alumnado dos diferentes programas formativos foron:

➤ Primeiro Trimestre:

- Día das persoas xordas (Contacontos e obradoiros de sensibilización).
- Participación na Carreira ENKI dentro do centro.
- Samaín.
- CNP. Charlas-taller: novas tecnoloxías, drogas e alcohol, violencia xénero, acoso escolar.
- Día Internacional contra a violencia de xénero.
- Obradoiro prevención de drogas e alcohol.
- Día da Constitución e da Autonomía.
- Día Internacional persoas con discapacidade.
- Obradoiro de robótica.
- Día dos dereitos humanos.
- Día internacional da educación.
- Festa de fin de ano.

➤ Segundo Trimestre:

- Talleres policía local A Coruña
- Coruña móvese indiferente.
- Os parrulos móvense pola rúa.
- Charlas prevención de conflitos, adiccións, consumismo e redes sociais:
- A mellor estratexia de xogo.
- Isto xa non é unha broma.
- A publicidade nos alimentos.
- Prevención, abordaxe e xestión de conflitos.
- Espectáculo de danza. Adaptación do conto Alicia no país das maravillas.
- Obradoiro de emprendemento. Fundación telefónica.
- Saída biblioteca pública González Garcés.
- Saída coñece o bus urbán.
- Fundación Luis Seoane.
- Saída O Camiño Real.
- Saída a cidade de María Pita.
- Saída Castro de Elviña.
- Saída Nao, Santa María e Carabela.
- Torre de Hércules.



- Charla Enki.
- Deportes adaptados Enki.
- A cidade medieval.
- Museo militar.
- mozo Picasso.
- Aquarium.
- Día da paz.
- Día da muller traballadora.
- Día da prensa. Obradoiros Rosalía de Castro.
- Entroido
- Día da saúde.

- Terceiro Trimestre:
 - Castelo de San Antón.
 - Museo de arte sacro.
 - Día do libro. Contacontos.
 - Museos científicos coruñeses
 - Biblioteca pública Miguel González Garcés.
 - Un día na capitanía.
 - Castelo de San Antón.
 - Charla- taller: “A ruta da auga”.
 - Charla Información xuvenil.
 - Saída Celas de Peiro (limpeza e natureza).
 - Saída Isabel Zandal.
 - Obradoiro sobre nutrición e dietética.
 - Charla: Come local.
 - Contacontos con Charo Pita.
 - Obradoiro : Sentidiño na rede.
 - Charla-taller botánica.
 - Saída ao parque de San Pedro con interpretación botánica.
 - Concerto.
 - Día contra o acoso escolar.
 - Semana das Letras Galegas.
 - Día da Lingua de Signos.



VI. Propostas de mellora

- Continuar na mellora e consecución dun maior nivel de autonomía do alumnado, sobre todo daquel que presenta máis limitacións, e reducir ao máximo os apoios.
- Incidir como ata agora na área de habilidades sociais e adaptativas como son as académicas, comunicativas, utilización de recursos e coidado persoal entre outras.
- Diminuír a ratio de alumnado por aula tendo en conta as características en cada caso co obxecto de prestar unha atención individualizada efectiva.
- Favorecer a comunicación coas familias a través da plataforma oficial para que sexa máis fluída e segura.
- Afondar en aspectos transversais e de habilidades adaptativas para a mellora da súa capacitación nos diferentes programas. Para iso será necesario potenciar a calidade de adaptación do material e de comunicación co alumnado, básico para o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Incidir no valor da colaboración coas familias co fin de traballar conxuntamente en aspectos comportamentais e de procedementos que poidan partir da aula e ter continuidade nos seus fogares, e viceversa.

27. Memoria apoios a titorías

I. Persoal de apoio

- Alicia Queiro Pereira: apoio grupo 2
- Raquel García Sánchez: apoio grupo 1
- Noelia López López: apoio grupos B e programas formativos

II. Grao de consecución dos obxectivos propostos na PXA

As horas de apoio neste curso, tal como figuraba na PXA, foron destinadas a cubrir as gardas de profesorado e a hora de coordinación dos responsables dos equipos de dinamización ou de etapa. Distribuíronse os mestres de xeito que cada profesional interviñese no menor número de grupos, asumindo as materias de especialidades de ser o caso.

En xeral, os principais obxectivos plantexados foron cubertos, centrándose en:

- Fomentar a súa competencia comunicativo-lingüística.
- Reforzar os contidos impartidos no grupo polo titor.
- Facilitar o desenvolvemento da autonomía persoal e a integración social do alumnado en tódolos contextos da vida cotiá.

III. Propostas de mellora:

- Sería importante manter as intervencións individualizadas de audición e linguaxe.
- Continuar cunha estreita coordinación co profesorado titor e profesorado dos/as alumnos/as atendidos.
- Retomar os apoios á integración no CEIP María Pita para os alumnos matriculados no CEE.



28. Memoria profesorado de Relixión Católica

A clase de Formación Relixiosa, foi impartida no centro por Sonia Saló García. Neste curso 2021/22 asistiron 15 alumnos.

A totalidade do alumnado supera a materia sen dificultade coas adaptacións metodolóxicas necesarias.

I. Competencias

O ensino relixioso católico aporta elementos básicos en canto ao logro da competencia en comunicación lingüística (CCL) pois sérvese da linguaxe académica, das linguaxes que conforman a cultura que se transmite na área de relixión, así como das linguaxes do propio ensino relixioso.

Respecto da competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT) contribúe a expresar as ideas con rigor e orde, e a aprender a argumentar os diferentes contidos da materia estimando e vulgando a lóxica de tal argumentación. O desenvolvemento da ensinanza da relixión axuda a adquirir a competencia da busca da verdade a través da razón e do razoamento hipotético- dedutivo. Tamén apoia e dá sentido ás habilidades e destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren dende esta competencia, porque o cristián entende a Natureza como creación de Deus, polo que a valora, a coida e a fomenta.

A área de relixión integra a utilización das TIC para informar, aprender e comunicarse. Busca, obtén e analiza información sobre a realidade relixiosa, a procesa, a comunica e a transforma en coñecemento. Así, a pesares de que o saber específico da área non está relacionado de forma directa coas novas tecnoloxías, pódese afirmar que contribúe, na consecución da competencia dixital (CD).

O ensino relixioso contribúe positivamente ao desenvolvemento da competencia de aprender a aprender (CAA) no estudo e reflexión da mensaxe cristiá facilitando o impulso do traballo en equipo polo seu intrínseco sentido comunitario, propoñendo non só unha proposta consensuada de valores e actitudes, senón un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que deberá ser crisol na procura da verdade e do ben.

Con relación ás competencias sociais e cívicas (CSC), na que se integran os elementos esenciais para a humanización, tanto personais como interpersonais, o ensino relixioso católico aporta a fundamentación e xerarquización dos valores e virtudes que contribúen a educar a dimensión moral e social da personalidade do alumno, en orde a facer posible a maduración na corresponsabilidade, o exercicio da solidariedade, da liberdade, da xustiza e da caridade.

A formación relixiosa católica aporta á competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) unha cosmovisión que dá sentido á vida, ao sentido da cultura e da identidade mesma da persoa humana. Unha cosmovisión que fai posible a formación integral do alumno fronte a visións parciais e determinantes da liberdade propia.

A relixión e moral católica aporta á conciencia e expresións culturais (CCEC), unha valoración crítica da cultura á luz do evanxeo, motivando ao mesmo tempo o aprecio da propia cultura e a estima adecuada doutras tradicións culturais e relixiosas. A contribución ao desenvolvemento desta competencia está relacionada cos seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, plástica, histórica, simbólica, lingüística, de costumes, ritos, festas, valores e modos de vida impregnados polo cristianismo dende a súa orixe ata o seu desenvolvemento actual, como manifestación do feito relixioso.

II. Metodoloxía:

A materia de relixión católica utilizou unha metodoloxía que respectou como principios básicos: a adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa, o respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe de cada alumno/a, o respecto pola curiosidade e inquietudes dos nenos e nenas, o desenvolvemento de aprendizaxe cooperativo. A utilización educativa de recursos tecnolóxicos, predominou o traballo cooperativo nos maiores, que permitiu



desenvolver a capacidade de comunicación, o respecto e comprensión das opinións alleas, a integración das competencias básicas, a conxunción do traballo individual e o colectivo, o uso das TICs, evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos, progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas, exercicios e actividades diversificadas adaptarémonos en todo momento ó nivel de competencia curricular do alumno.

Empregouse materiais visuais, manipulativas e atraíntes para espertar ó seu interese, a metodoloxía foi activa e participativa atendendo ás diferencias individuais, respectando en todo momento os distintos ritmos da aprendizaxe, partiuse dunha experiencia significativa para desarrolla-lo traballo, integrando no posible os temas transversais. Seguiuise coa presentación da mensaxe de Xesús e facendo as fichas coas adaptacións oportunas segundo o nivel do alumno.

Pódese destacar a sinxeleza, o traballo individual e grupal, facilitando deste xeito a socialización e a convivencia, secuenciáronse os obxectivos, os contidos e as actividades de aprendizaxe en función da idade e o nivel madurativo do alumno, partindo sempre do plano da súa experiencia. Propóñense actividades colectivas e conversación abertas sobre situacións reais e relatos bíblicos próximos aos nenos.

Alternouse o traballo de fichas con outras propostas que permiten achegarse o feito relixioso por distintas vías: manualidades, escenificación de relatos, cancións, visualización de láminas... etc. A presentación das unidades realízanse mediante láminas de cores vivas e debuxos realizando agrupamentos flexibles segundo as actividades. Empregaranse recursos e materiais preferentemente visuais (fotografía, imaxes, pósters, diapositivas, vídeo, transparencias...) e manipulativas puzzles, libros, plastilina, jumping clay....

Traballouse con caixas temáticas, empregando material multisensorial.

III. Materiais e recursos

Utilizáronse como material básico para os libros de texto de Relixión e Moral Católica da editorial Anaya, axustado ao currículo da área, establecido pola Conferencia Episcopal Española o 24 de febreiro de 2015.

Manexáronse na aula outros materiais, tanto textuais como audiovisuais ou informáticos, proporcionados por ONGs como Manos Unidas, Entreculturas ou Intermón-Oxfam, entre outras, especialmente elaborados para os cursos da Educación Primaria, e que están deseñados especificamente para traballar os contidos transversais e a educación en valores (non violencia, interculturalidade, ecoloxía, ec.). Tamén servirán de apoio todos aqueles materiais relacionados coa materia, como poden ser: DVD, power-point, diapositivas, Genially, transparencias, recursos interactivos, etc. Outro recurso de apoio serán os diferentes tipos de xogos, dominós, crebacabezas, materiais de expresión plástica..., que achegan os contidos aos nenos de maneira atractiva e o mesmo tempo significativa.

Para a relaxación empregáronse finger's toys e popis.

Tamén contamos coa gran variedade de recursos que nos aportan os blogues que hai na rede sobre a clase de relixión, que constitúe unha ferramenta importante no traballo diario e permite afondar na competencia dixital dos nenos e nenas. Foron colgándose na aula virtual do centro as tarefas feitas na clase para o alumnado que traballou dende casa.

Aproveitouse o Ano Santo Compostelán para traballar o Camiño de Santiago.

Realizáronse actividades propias do ciclo litúrxico (Nadal, Advento, Coresma, Pascua...), Paz, día de tódolos santos, Pentecostés, Cristo Rei, relatos bíblicos...

IV. Propostas de mellora

Adquisición dunha caixa de luz para os relatos bíblicos.

29. Memoria do centro de recursos

Durante o curso 2021-2022 no Centro de Recursos do CEE Nosa Señora do Rosario atendéronse arredor de 40 alumnos e alumnas procedentes de distintos CEIPs da provincia da Coruña con distintas



necesidades específicas de apoio educativo asociadas a alteracións da Audición e da Linguaxe de carácter transitorio na maioría dos casos: alumnado con deficiencia auditiva, alumnado con retraso madurativo global ou retraso no desenvolvemento da linguaxe, alumnado con dificultades na articulación da fala e/ou retrasos, alumnado con trastorno específico da linguaxe, alumnado con retraso na adquisición da lectura e da escritura, dislexia e alumnado con TEA.

Estes alumnos asistirán ao noso servizo durante 2 sesións semanais (na maioría dos casos) de 45 min. c/u. Unhas veces de maneira individual e outras en grupos. Formáronse en total 4 grupos de dous alumnos c/u para diminuír a lista de espera.

Os centros de procedencia destes alumn@s son os seguintes:

CEIP Sagrada Familia
CEIP Manuel Murguía
CEIP José Cornide Saavedra
CPR Karbo
CEIP Gonzalo Torrente Ballester
CEIP Juana de Vega
CEIP Vila de Rutis
CEIP Isaac Díaz Pardo
CEIP Sal Lence
CEIP San Francisco Javier
CEIP de Prácticas
CEIP Plurilingüe Ría do Burgo
CEIP Vicente Otero Valcarcel
CPR Hijas de Jesús
CEIP María Barbeito
CEIP Cidade Vella
CEIP Rosalía de Castro
CEIP Emilio González López
CEIP Concepción Arenal
CEIP María Pita
CEIP Valle Inclán
CEIP Novo Mesoiro
CEIP Ponte dos Brozos
CEIP Víctor López Seoane

A estrutura organizativa-pedagóxica das nosas aulas baseouse principalmente nos 5 eixes da comunicación: Prerrequisitos (percepción, atención, seguimento de instrucións, comprensión da linguaxe, audición, coordinación de órganos fonadores...), fonoloxía e fonética, semántica, morfosintaxe e pragmática.

I. Obxectivos

1. Estimular e desenvolver as capacidades de interpretación de estímulos. Áreas: percepción auditiva, percepción visual, percepción espacial xeral e gráfica e percepción temporal.
2. Adquirir e desenvolver as capacidades de coordinación previas á linguaxe.
3. Adquirir, potenciar e desenvolver a capacidade de comunicación. Áreas: comprensión verbal, razoamento verbal, articulación e fonación, fluidez verbal, lectura e escritura.

II. Contidos:

Percepción auditiva: Interpretar adecuadamente os estímulos auditivos

Percepción visual: Interpretar adecuadamente os estímulos visuais

Percepción temporal: Interpretar a realidade do paso do tempo a través da discriminación dos conceptos temporais.

Áreas verbais:

- Comprensión da linguaxe: asimilar a linguaxe e utilizala de forma comprensiva
- Razoamento Verbal: captar relación e ideas na linguaxe e expresalas no uso do mesmo.



- Articulación e fonación: expresarse verbalmente de forma correcta, coa articulación, ritmo e voz axeitados.
- Fluidez verbal: Usar fluidamente a linguaxe.
- Lectura: Ler correctamente de forma mecánica e comprensiva.
- Escritura: Escribir correctamente e usar a escritura como medio de comunicación.

III. Coordinacións:

- Mantivemos reunións co Departamento de Orientación e cos titores e profesores dos centros dos nosos alumnos. Estas reunións cos titores e profesores dos alumnos realizáronse telefónicamente e por videoconferencia.
- Ademais tivemos reunións varias cos pais: reunión de avaliación inicial e reunións periódicas para informalos sobre a evolución dos nenos.
- Elaboráronse programas de intervención individuais para cada nen@ e informes de avaliación trimestrais que se enviaron aos centros dos alumn@s e ás familias.

IV. Propostas de mellora:

- Mellorar a coordinación cos centros.
- Establecer criterios para as altas do alumnado.

V. Dificultades atopadas:

A pesar da situación xerada pola COVID-19, as clases desenvolvéronse con normalidade, seguindo as recomendacións proporcionadas polas autoridades sanitarias e non houbo que pechar ningunha das dúas aulas do Centro de Recursos durante este curso.

30. Memoria de actividades extraescolares organizadas polo ANPA do colexio.

A realización das actividades foi acordada en sesión de Consello Escolar celebrada o día 20 de setembro de 2021. Non se manifesta variacións no desenvolvemento das sesións de tarde durante o curso agás a incorporación dalgún alumno máis. Non se aporta memoria final de actividades extraescolares.